

XOÁN HERMIDA

**[RE]CONSTRUÍR A  
ESQUERDA NACIONAL  
Da Rolda de Rebeldía a AGE**

Primeira edición: Maio de 2013  
Impreso en: Tórculo Artes Gráficas  
ISBN: 978-84-616-4481-0  
Depósito Legal: PO 238-1013

Autor: Xoán Hermida  
Prólogo de Manuel M. Barreiro



*[Re]Construír a esquerda nacional.*  
*Da Rolda de Rebeldía a AGE*  
encóntrase baixo unha Licenza Creative Commons:  
Recoñecemento-SenObraDerivada (by-nd):  
<http://creativecommons.org/licenses/by-nd/3.0/deed.gl>

XOÁN HERMIDA

**[RE]CONSTRUÍR A  
ESQUERDA NACIONAL  
Da Rolda de Rebeldía a AGE**



**obencomún**



## Nota do autor

Este libro é o segundo que sae do prelo co selo Obencomún. O anterior tamén era un escolma de artigos publicados por min, a maioría no xornal *Vieiros*. A diferenza é que neste caso os artigos teñen un fio argumental común: a construción dunha esquerda renovada.

Estes artigos foron publicados, diante a orfandade que deixou *Vieiros*, inicialmente no meu blog *GaliziaEcosocialista* e, posteriormente, en *Altermundo*, *Galicia Confidencial* e *Praza Pública*. Principian coa miña intervención na Rolda de Rebeldía, en xaneiro de 2010, e rematan cunha reflexión publicada despois das eleccións autonómicas de 2012.

Son tres anos de artigos que foron intercalándose con outros referidos a elementos de carácter máis global ou de pensamento filosófico que non son recollidos neste libro. Respectase a súa orde de escrita, xa que se pretende tamén explicar a evolución nese trienio, mesmo incorporando unha cronoloxía, ao final do libro, que axuda a precisar o contexto no que se elaboraron e a evolución política e orgánica da esquerda de Galicia até chegar ao momento presente.

Construír a esquerda galega do século XXI é un reto aínda hoxe en marcha, mais o primeiro paso está dado: desbloquear a situación anterior e crer que había sitio, como dicíamos algúns, para un cuarto (e máis) espazo político na estrutura de partidos que callou en Galicia durante o Fraguismo.



## Limiar

### Por unha esquerda artesá e cooperativa

Richard Sennett é un dos pensadores máis suxestivos e estimulantes do noso tempo. Desde hai anos traballa nunha triloxía sobre a cultura material que titulou *Homo faber*. Dous volumes xa están a noso dispor: a primeira entrega editorial, *O artesán*, apareceu en 2008; a segunda, *Xuntos. Rituais, praceres e política de cooperación*, saíu do prelo en novembro de 2012. A materia nuclear destas obras son, respectivamente, a vontade —e a capacidade— de facer ben as cousas que se verifica no labor dos artesáns e a aposta pola cooperación como unha alternativa necesaria e intelixente para a materialización de obxectivos compartidos e a defensa dos bens comúns.

A esixencia de facer as cousas ben e o compromiso colaborativo son dúas materias claramente recoñecibles na escrita e, tamén, na praxe política e social de Xoán Hermida. Os artigos que se compilan en *[Re]construír a esquerda nacional* están convocados por unha (auto)crítica rigorosa e polo desexo de tender diálogos-ponte alén das demarcacións partidarias para poder enfrontar, en réxime de mancomún, un complexo labor de (re)construción da esquerda que, na súa idea, ten que ser *nacional*, como un proxecto onde convivan diversas correntes culturais nacionalistas e non nacionalistas; *renovadora* nas ideas, nas linguaxes e cunha nova praxe ancorada na radicalidade democrática; e *transformadora* para superar as desigualdades e a explotación imposta polo Archicapitalismo e a orde neoliberal dominante nos mercados e nas institucións.

Richard Sennett subliña algunhas características da artesanía que nos compriría incorporar á (reconstrución da) esquerda. A primeira é a dupla preocupación polo valor engadido —que sempre debería acompanyar toda acción política da esquerda— e pola calidade do resultado.

Non é difícil concordar en que a profesionalización dos partidos da esquerda se traduciu nunha deterioración na adición de valores participativos das súas políticas o que se traduce nunha perda de calidade nos seus resultados en termos de implicación, impacto transformador e apropiación por parte dos cidadáns. Entre nós, a colonización das organizacións da esquerda por parte de burócratas, *managers* e tecnócratas, en detrimento das capacidades decisorias dos militantes participantes, rematou por santificar unha vida orgánica verticalista e *participativa*.

En paralelo, a profesionalización e a industrialización mediática constrúen padróns de liderado altamente personalizados que adoitan supeditar o proxecto colectivo ás características comunicativas e políticas dun grupo escollido de dirixentes cando non se restrinxe directamente ao candidato ou secretario xeral coroado como un auténtico *príncipe mediático*.

En boa medida a reconstrución da esquerda pasa por recuperar a súa dimensión participativa e colectiva. Hai xa moitos anos, Palmiro Togliatti falaba do partido como «democracia organizada» no mesmo senso en que hoxe podemos definir o partido como «democracia en movemento», conscientes de que a súa validez se mide, dentro e fóra da organización —nas institucións onde exerce funcións de representación e goberno— na súa eficacia para socializar poder e capacidades decisorias e, co concurso de cidadáns e movementos sociais, ser quen de idear e mobilizar, en clave de empoderamento, novas políticas de transformación, ruptura e resistencia fronte aos poderes conservadores.

A recuperación do compoñente colectivo das políticas das (novas) organizacións que precisa a esquerda ten o seu comple-



mento imprescindible na xestión intelixente da súa pluralidade ideolóxica-política e na obrigada multiplicación de voces, mais tamén é pertinente que as súas estratexias non respondan á transmisión acartonada dunha abstracta vontade xeral —nacida dun debate burocrático en inaccesibles órganos de dirección— senón que sexan o resultado do debate e decisión de todos os que nos referenciamos a unha determinada forza política, sexamos militantes, simpatizantes ou simples electores.

A esquerda, que se queira reinventar en clave renovadora, deba aceptar que son os electores os que capitalizan aos partidos outorgándolles poderes e recursos de representación e goberno e que o campo da súa audiencia electoral debe ser tamén dinamizado como ámbito de reflexión e elaboración das novas políticas xa que, para combater a desafección e a deserción da política por parte dos cidadáns, é urxente procurar espazos de encontros participativos cos electores alén das campañas e os mitins.

O encontro de militantes, simpatizantes e electores é un primeiro paso para rematar coa política como *contemplación* e recuperala como *desexo de participación* nos debates públicos e na xestión do común, por iso é moi necesario que pensemos, seguindo a suxestión de Xoán López Facal, en como se pode artellar unha *participación á carta* que axude a diluír, ou cando menos facer máis porosas, as fronteiras históricas entre militantes, simpatizantes e cidadáns-electores.

No mesmo sentido, mellor nos vai ir se entendemos que as políticas da esquerda deben ser concibidas como un *código aberto*, transparente e accesible a todos os cidadáns de modo que, colaborativamente, as poidan informar, retrucar, modificar e *tunear* de acordo coa súa axenda de demandas e preferencias.

Idear como código aberto o noso programa de transformación democrática da realidade significa que nin é *perfecto* nin ten resposta para todas as preguntas e demandas e que se somete a escrutinio público para ser elaborado de xeito cooperativo, entre

outras razóns, porque na política —coma na vida— a resolución de problemas soe ir acompañada do achado de novos problemas que esixen respostas innovadoras nadas da intelixencia colectiva e a imaxinación democrática.

Outra nota distintiva da artesanía é que o artesano produce para unha comunidade. Como lle gusta lembrar a Roberto Espósito, *munus*, en latín, significa 'obriga' e *cum-munitas* identificaba, orixinariamente, a obriga mutua, a carga común. A nova esquerda debe recoñecerse nunha comunidade que se fundamente en obrigas recíprocas e responsabilidades solidarias para enfrontar as cargas comúns mais tamén para facer da defensa dos bens comúns un eixo central das súas políticas.

A crise obríganos a recatalogar os nosos bens comúns. Noutro tempo recollían a auga dos ríos e mares e outros espazos de gran valor paisaxístico e ambiental; na actualidade, han de incluír capitais intanxibles como a nosa lingua e a cultura inmaterial, pero tamén servizos educativos e sanitarios básicos, os sistemas de protección social e solidariedade ou infraestruturas e equipamentos públicos. Son bens que deben estar dispoñibles para todos os cidadáns e cidadás atendendo ao compromiso de que han de ser conservados para ser transmitidos como herdanza comunitaria a xeracións futuras. Son bens que pertencen e responden ao interese da comunidade e trazan o dominio do público. Son a principal herdanza pola que deberían preocuparse os gobernos da esquerda.

As transformacións igualitarias que desexamos impulsar non han de ser produtos xestionados só polo Estado ou as institucións de autogoberno nacional ou de proximidade territorial, esixen e necesitan da súa coxestión tamén desde a sociedade civil. A radicalidade democrática convócanos a crear comunidade como espazo dun novo poder constituínte e sen sociedade civil autoorganizada as nosas loitas constituíntes ao redor da soberanía cidadá ou o autogoberno dos bens comúns teñen poucas posibilidades de éxito. Para revitalizarse a esquerda debe formatearse como un

instrumento para construír o común e ensaiar prácticas sociais alternativas que erosionen a hexemonía conservadora e callen contrapoderes, focos de resistencia e novos espazos comunitarios para o empoderamento, para que os *sen poder* poidan exercer un poder desde abaixo e enraizado nas súas comunidades.

A Xoán Hermida préstalle reivindicar a filosofía da praxe e isto empata acoidadamente con outra das características da artesanía: o vencello entre pensar e facer. A existencia divorciada dos termos deste binomio focaliza un dos principais problemas da vella esquerda. Reflexiona Sennett: «Que sucede cando establecemos unha separación entre a man e a mente? Ao meu xeito de ver, cando distinguimos entre praxe e teoría, o que resulta prexudicada é a parte intelectual. É dicir, disociar o ámbito material do analítico ten como consecuencia un debilitamento intelectual, unha diminución da nosa capacidade de visión e comprensión.»

A «crise da esquerda» é, en gran medida, unha crise de interpretación e comprensión das sociedades e o mundo que quere transformar. Neste eido, os *think tank* neoconservadores lévanos unha notabilísima vantaxe á hora de reflexionar e tornar discursos interpretativos en políticas operativas como ben deixou en claro George Lakoff en *Non penses nun elefante*. Unha boa guía para pensar esta problemática do coñecemento da esquerda como claves de razón práctica é a advertencia que nos fixo Paul Valéry: «A única proba do saber real é o poder: o poder de facer ou o poder de predicir.» Desgraciadamente, nin no facer, nin nas nosas predicións imos por diante dos ultraconservadores.

A febleza dos nosos discursos interpretativos macera en ineficacia transformadora porque moitas das políticas proclamadas pola esquerda non son practicadas ou resultan impracticables nos tempos actuais; por iso hai que repensar a esquerda como un discurso analítico e unha praxe orientada á creación de novas oportunidades en aberta confrontación co discurso neoconservador que teima en que *non hai alternativa*.

Hai alternativa se é practicable e se traduce en novas oportunidades de ensaio de fórmulas concretas para o exercicio das liberdades, a garantía da igualdade ou o fortalecemento dunha fraternidade solidaria, se se materializan como oportunidades de emenda desa doutrina de imposibilidades que representan o neoliberalismo e a actitude conservadora que entalou as capacidades reformistas da maioría das organizacións socialdemócratas.

*Xuntos. Rituais, praceres e política de cooperación* de Richard Sennett desnobélase a partir dunha evidencia luminosa: «Abraíoume a presenza dun capital social particular implícito na realización do traballo práctico: a cooperación. A cooperación lubrica a maquinaria necesaria para facer as cousas e a coparticipación, pode compensar aquilo do que tal vez carecemos individualmente. Aínda que inserida nos nosos xenes, a cooperación non se mantén viva na conduta rutineira; cómpre desenvolvela e profundizala. Isto resulta particularmente certo cando se trata de cooperar con persoas distintas de nós; con elas, a cooperación convértese nun duro esforzo.»

Teño a fortuna de coñecer a Xoán Hermida desde hai trinta anos e sei dos seus moi duros esforzos por compartir espazos unitarios con persoas que tiñamos posicións políticas e ideolóxicas ben diferentes das súas; así o fixo nos CAF, na CXTG e en alianzas electorais que, ende mal, non foron acompañadas polo éxito. Foi unha longa época de aprendizaxe en réxime de competencia e, en moitas ocasións, —discúlpese o palabra— de *coopetencia*, esa mestura de consensos básicos e conflitos larvados, de colaboración e competencia, de valores compartidos e de desconfianza ameazantes, de acordos programáticos troncais e de recoñecemento de incómodas diferenzas tácticas que, con todo, foron permitindo a construción de linguaxes e lecturas políticas comúns que fixeron posible, co pouso do tempo, experiencias de cooperación franca e leal nos movementos sociais da solidariedade, o altermundialismo ou a Iniciativa BenComún.

As páxinas de *[Re]construír a esquerda nacional. Da Rolda da Rebeldía a AGE* están animadas por un uso real da intelixencia que nos reclama máis cooperación e menos competición entre as organizacións da esquerda da nosa nación. No esforzo por construír *novas cooperativas políticas e sociais da esquerda* segue sendo válida a consideración que Marx anotou na súa crítica do Programa de Gotha: «Un paso no movemento real vale máis que unha ducia de programas.» Nos artigos de Xoán Hermida atópanse propostas e críticas de moita utilidade sobre os avances dunares e os tras-pés do movemento real para refundar a esquerda política e social como un proxecto cooperativo.

Queda moito, case que todo, por facer, pero aproveitaríamos mellor as nosas capacidades, forzas e ilusións se atendésemos autocríticamente á reflexión que lle debemos a Arturo Casas: «Esa racionalidade do idéntico («falarmos só para os nosos») resulta ser autotélica e paralizante, alén de erma. Por outra parte, ese é o gran problema da esquerda no noso país. Falta tradución, intelixibilidade, oído. Falta intelixencia, análise. Sobran egódromos, arengas, espellos, tacticismo.»

Estou certo de que a lectura das pezas que compoñen *[Re]construír a esquerda nacional. Da Rolda da Rebeldía a AGE* poden animar debates e prácticas que, antes que tarde, nos permitirán deixar atrás a melancólica e malfadada situación descrita por Arturo Casas. Creo que, aínda que sexa modestamente, reivindicar unha *esquerda artesá e cooperativa* nos axudará cambiar para mellor. E se se nos reviran as cousas, fagamos caso aos versos de Jorge Reichmann: «Cando non podemos transformar / cando menos comprender / e cando non podemos comprender / cando menos amar / e sempre amar / cando podemos transformar.»

Manuel M. Barreiro

Ames, 15-M de 2013



**Artigos**  
**(2010-2012)**





## **É realmente necesario un partido máis ou unha nova estratexia de cambio?<sup>1</sup>**

Tocounos vivir nun tempo de transición deses nos que o novo non termina de nacer e o vello non acaba de morrer. Creo que esta sensación invade a toda a esquerda e ten reflexo mesmo na loxística deste encontro, nas achegas que se foron coñecendo e con toda seguridade tamén nos debates que aquí afloren. A coincidencia da Rolda da Rebeldía co aniversario do nacemento de Castelao non deixa de ter unha carga simbólica necesaria, aínda que, á hora de buscar referentes clásicos, estou convencido de que a re-lectura crítica de dous libros coma o *Estado e a Revolución* e *O esquerdismo a enfermidade infantil do comunismo* axudaría moito en tempos de dúbidas e de desacougo político coma o que nos tocou vivir.

Hai agora algo máis dun ano celebrábase o I Foro Social Galego. Tres foron as sensacións que se puideron apalpar naquel encontro:

- a madurez dun movemento asociativo que, a pesar das súas eivas, empezaba a definir a súa perspectiva política á marxe dos partidos;
- o afastamento, cada vez maior, entre a sociedade civil organizada e as forzas políticas; e
- a forte frustración respecto do labor do primeiro goberno progresista e nacionalista instalado en San Caetano.

---

<sup>1</sup> Intervención na Rolda de Rebeldía, 30-01-2010.

Con este malestar de fondo enraizado na propia base sociolóxica do bipartito non era de estrañar que, catro meses despois, as eleccións levaran por diante o goberno formado pola socialdemocracia española e o nacionalismo reformista nun país tan bipolarizado coma o noso.

Entón por que estamos aquí? Porque necesitamos recuperar a esperanza na política. Porque queremos reinventar a esquerda. Por ambas cousas á vez... ou, desde o meu punto de vista, o máis importante: porque desexamos volver artellar a esquerda política en Galicia e, ao mesmo tempo, reinventar unha folla de ruta para a transformación do país.

Antes de nada gustaríame aclarar varias cuestións:

1. Son dos que non sinto frustración pola acción de goberno do bipartito porque pouco esperaba del (aínda que algo máis si!).
2. Tampouco me sinto traizoado por ninguén porque teño unha visión complexa dos procesos sociais e prefiro analizalos seguindo o método de análise e os padróns da filosofía da praxe, que profeso, no canto de facer unha caricatura na que situar, de xeito maniqueo, a bos e malos.
3. Creo que esquerda social debe adquirir dimensión política sen sentirse orfa nin preocuparse, máis do necesario, pola construción dunha forza política electoral.
4. Abordar a reconstrución da esquerda desde a óptica de se a xente debe quedarse ou marchar do BNG, mesmo do PSOE ou de EU, é hoxe irrelevante.

A nós debería ocuparnos construír a esquerda alternativa, polo tanto, a esquerda soberanista porque todo o demais, mal que ben, xa existe. Temos dereita, hai socialdemocracia e, tamén, xa existe o nacionalismo.

Volvendo ao punto de partida: en realidade esta iniciativa xorde porque o BNG entrou nunha deriva que non satisfai nin a unha parte dos que foron (ou son) membros da organización nin a

unha parte que, sen selo, nalgún momento interpretamos que era o máis parecido á forza de esquerda galega que, posibilistamente, podía existir no país.

Cometeríamos un erro se compracentemente pensásemos que todo ía ben até o ano 2001 e que as cousas comezaron a torcerse coa chegada do BNG aos gobernos municipais das grandes cidades, co cambio de liderado ou con algunha outra cuestión que se queira sumar ás dúas anteriores.

Debemos de ser claros na análise se queremos non volver errar: o proceso de «inserción no sistema» do BNG non se realiza nun acto único senón que é froito dun proceso evolutivo que ten nas súas orixes algúns dos elementos clave do seu desenvolvemento marrado; en especial, un aspecto central como é a relación da organización política cos movementos sociais, sempre condenados a un papel de subordinación. Galicia contaba na década dos noventa cunha organización sindical independente, líder, que foi sacrificada nun proceso de supervivencia política. Despois do desmantelamento da CXTG porque non instrumentalizar Nunca Máis, asaltar ADEGA, «reorientar» a Mesa ou intentar tomar o SLG?

O ADN do BNG contén erros xenéticos que o lastraron e que, lamentablemente, afectaron a todas as escisións xurdidas do seu seo pola esquerda e que, mesmo, contaminan a súa contorna. Seguramente non sexa doado poñernos de acordo sobre estes aspectos e, aínda que teñen importancia para non repetir erros, o máis importante é poñernos de acordo de cara ao futuro.

Cales son, pois, os elementos centrais para construír un novo proxecto de esquerdas?

Estes poden ser algúns dos nós gordianos que nos impidan ou permitan avanzar:

- Unha estratexia de cambio acompañada dunha táctica precisa, e non ao revés. A subalternidade do partido aos movementos sociais ou, dito doutro xeito, a subordinación da táctica á estratexia.

- Unha política de alianzas acorde co anterior. Faise necesario reinventar a folla de ruta da transformación social e, sobre todo, poñer aos partidos de reforma do sistema (socialdemócratas e/ou nacionalistas progresistas) ao servizo dos movementos sociais para trazar unha aposta de cambio. O problema non está en facer alianzas políticas con outras forzas —mesmo que poidan estar inseridas no sistema—, o problema é con que niveis intensidade se participa á hora de gobernar e se enfrontan as contradicións que isto xera para poder seguir desenvolvendo unha política crítica co sistema.
- Un instrumento democrático e plural. Deberá ser unha forza antisistémica pero moi plural e aberta. Nese senso, o nacionalismo político necesario (en termos de defensa da soberanía nacional) non pode ser como até agora un nacionalismo ideolóxico que impida a incorporación de novos sectores de esquerda «laicos» nin que sirva de coartada para crear novos microespazos nun país onde os campos políticos e ideolóxicos son de seu achicados.
- A nova esquerda debера ser assemblearia e multipolar, mais este frontismo político debe construírse arredor da cidadanía e dos movementos sociais, non tomando como centro os partidos políticos con cotas de poder, nin subalternizando os movementos como mansos compañeiros de viaxe dun partido vangarda que marca ferreamente a súa orientación. Se non nos serven os partidos clásicos tampouco nos pode servir unha fronte alternativa na que as partes que a conforman sexan partidos clásicos.
- Un proxecto revolucionario, non interclasista, pero entendendo que o suxeito revolucionario no inicio do século XXI é plural na súa composición social e cultural —clase obreira, pequenos labregos, mocidade transformadora, sociedade civil antisistémica—. Un dos elementos centrais

dunha nova esquerda transformadora é entender o suxeito revolucionario como un espazo complexo, plural e dinámico, que desprace do centro de gravidade á clase obreira. Hoxe existen amplos sectores sociais enfrontados coa globalización capitalista, tanto nos seus aspectos sociais coma na defensa de diversas soberanías: ambientais, alimentarias, produtivas, lingüísticas...

- Trátase de elaborar políticas globais de concreción local e políticas locais globalizadoras. E, sobre todo, deben ser propostas de cambio de sistema concretas que non poidan ser asimiladas.
- Unha proposta soberanista. No proceso de globalización e internacionalización, mesmo coa desaparición de boa parte das antigas competencias dos estados-nación nados no século XVIII, a proposta non pode ser a independencia tal como se concibía hai medio século. A opción da soberanía no marco de co-soberanías globais é unha aposta avanzada para superar o modelo de Estado autonómico actual. Propostas como o federalismo asimétrico, a confederalidade e a co-soberanía no marco europeo —ou outras nesa dirección— son vangardistas e permiten facer política arredor do carácter nacional de Galicia. Precisamos un proxecto nacional, se se prefire nacionalista no político, que formule a soberanía nacional no marco dun neointernacionalismo lonxe de construcións idealistas da nación.
- Un proxecto radical no político pero non no ideolóxico. A ideoloxía como ben a definía Marx é a supraestrutura subxectiva na que se esconden aqueles que queren manter o status quo. Coñecemos (e padecemos) algúns partidos radicais no ideolóxico mais pouco radicais no político. Queremos unha forza moderna que entronque cos movementos sociais e cos novos suxeitos antisistémicos altermundialistas (ecoloxismo, neointernacionalismo, anti-patriarcalismo, in-

terculturalismo...) e sexa respectuosa coa súa independencia e co seu carácter estratéxico para situalos como referentes centrais na actuación política diaria.

Pero se todo isto é importante para configurar un proxecto político, a pregunta que temos que facernos (e que se está a facer moita xente) é: Fai falla unha nova forza política? E se fai falla, que tipo de forza política e con que vímbios hai que construíla?

A necesidade dunha forza política, ou non, vai depender de que exista un espazo político que cubrir. A priori dubido de que teñamos marxe para a esperanza, sexa socialdemócrata (Máis BNG) ou altermundista (Encontro Irmandiño), pero do que non teño dúbidas é de que non temos, a día de hoxe, un referente claro de esquerda nas institucións.

Hai máis sectores sociais e persoas que demandan un proxecto político galego de esquerdas, plural e con vontade transformadora. Agora ben, esta demanda non está cuantificada e non sabemos se no fondo tería o espazo electoral mínimo para non ser unha forza marxinal. Isto fai que moitas das persoas que poidan formular esta necesidade non se atopen con forzas para poñer en marcha o seu proceso constituínte.

Por outra banda, as organizacións e movementos sociais que puidesen ser outro dos elementos de empuxe para este proxecto son moi débiles politicamente e están desvertebrados organizativamente, ademais de padecer un nivel enfermizo de *parcelarismo* e atomización.

Se existise un movemento social independente, político e forte, non sería un problema que o partido por onde canalizar as demandas fose un partido de reforma ou socialdemócrata. Pero esta non é a cuestión. O problema é que todos os intentos por crear unha forza política galega no espazo da socialdemocracia fracasaron.

A intención de crear un socialismo galego no espazo da socialdemocracia é unha quimera contra a que se bateu en distintas

décadas. Nos anos setenta fracasou o proxecto do PSG; nos oitenta acabou naufragando Esquerda Galega; nos noventa Esquerda de Galicia nin tan sequera chegou a nacer; na época actual vén de fracasar de xeito contundente a operación de transformar o BNG utilizando as institucións como trampolín para a súa reconstrución. E fracasaron, e fracasarán, porque o espazo socialdemócrata, neste país e nas actuais condicións socio-políticas, o ocupa e o vai seguir ocupando o PSOE. Entón, a seguinte pregunta sería: Existe espazo político para unha forza antisistémica clara? Tal e como demostran as experiencias da nosa contorna parecería que é posible, aínda que a enfermidade infantil da esquerda en Galicia, o sectarismo, parece evidenciar o contrario.

Agora ben, os partidos e forzas políticas teñen uns ritmos marcados polas convocatorias electorais e xogan dentro do sistema. Mesmo aquelas forzas máis radicais (que se sitúan noutras partes de Europa arredor do 10% electoral) están marcadas por contradicións xeradas cando se acada un certo éxito electoral.

Un proxecto político non ten por que ser, durante unha etapa determinada, un proxecto electoral. Así que se un proxecto de corte socialdemócrata está abocado ao fracaso e se a posibilidade dun espazo de esquerdas alternativa (sexa ecosocialista ou outra formulación similar) é máis que dubidosa, quedánnos algunhas outras opcións:

1. Vertebrar un proxecto político que se desenvolva á marxe das citas electorais, ou mellor dito, onde os seus membros participasen nas forzas políticas de esquerda existentes (BNG, PSdeG...) ou nos movementos sociais, sendo nunha corrente non dunha forza política senón dun país, un colectivo político que funcione como *lobby* de esquerdas en favor de Galicia.
2. Apoiar e fortalecer os movementos sociais con capacidade de aglutinar arredor de si espazos concretos, fortes e independentes e con clara proxección política —Amarante no

*neointernacionalismo*, Verdegaia no ecoloxismo, o SLG no sindicalismo agrario, o Foro da Inmigración na interculturalidade, a Marcha Mundial das Mulleres no feminismo...— e desenvolver redes transversais como a Rede Anticapitalista, a Iniciativa pola Soberanía Alimentaria dos Pobos ou Galiza Non Se Vende.

3. Favorecer a converxencia das forzas políticas soberanistas e de esquerdas existentes hoxe fóra do BNG e que, practicamente, non teñen diferenzas culturais políticas ou ideolóxicas —Movemento Pola Base, FPG e PCPG—. A forza resultante da súa fusión seguramente non tería un solvente resultado electoral pero sería a demostración pedagóxica de que nos partidos aínda hai lugar para a esperanza.

En todo caso, é a esquerda a que está por reinventarse aquí tamén, porque se está reinventando en todo o planeta (altermundismo, ecosocialismo, anticapitalismo son algunhas das súas expresións). Mais caeríamos nun erro se pensásemos que por estar orfos de proxecto partidario, debemos deixar as nosas tarefas nas organizacións civís para centrarnos na construción dun novo aparato partidario.

A relación de (re)construción política da esquerda vai ser dialéctica tendo que ir parello o fortalecemento da esquerda social de carácter político e a reformulación da esquerda política partidaria. Se non hai músculo social, a esquerda partidaria será anoréxica e volverá xerar, tarde ou cedo, unha nova decepción. En todo caso, namentres algúns nos convidan a vivir como galegos, faise necesario pensar como galegos: a retransca é a esencia nihilista dun pobo afeito a vivir na frustración e na desconfianza. A este pesimismo, froito da intelixencia, teremos que engadir moitas doses de optimismo da vontade.



## As tres batallas de Feijóo e a alternativa<sup>2</sup>

Cando o Sarkozy galego e o seu grupo *neocon* se instalou no goberno da Xunta de Galicia, ou como lle gusta dicir a Xosé Manuel Beiras, cando «o grupo de demolición e limpeza étnica se instalou en San Caetano» sabía que no horizonte próximo tiña tres batallas.

Unha primeira de carácter interno, na procura da homologación partidaria dun PP neoliberal no que foran eliminados os últimos vestixios do populismo rural dos da boina. Unha segunda de carácter económico-financeiro para apuntalar o modelo especulativo de Caixa Galicia no proceso de reestruturación da banca española. E unha terceira de carácter cultural nun combate contra a resistencia ética que non está a permitir que se destrúa a biodiversidade lingüística e humanística que supón o noso principal elemento identificador: o idioma.

Para as tres batallas contaba a priori con vantaxes: unha maioría parlamentaría suficiente para impoñer ás súas políticas e os seus caprichos; unha oposición desnortada e descabezada física e intelctualmente; e un *lobby* empresarial e mediático con centro no polígono de Sabón que xa lle prestará grandes servizos durante a última campaña electoral de 2009.

Parecía que as tres batallas se ían gañar nun glorioso e contundente paseo militar. Pero as cousas torcéronse pronto.

---

<sup>2</sup> Publicado no blog *GaliziaEcosocialista*, maio de 2010.

A batalla interna por homologar o PP, deixando no esquecemento aquela imaxe do doutroa poderoso Xosé Cuiña rachando o carné do PP estatal e repartindo carnés do PPdeG, parecía sinxela polo que foi a primeira en darse. Tratábase de reducir a cinzas o feudo ourensán de Baltar (pai). Para iso contaba co apoio do aparato do PP estatal e do propio Mariano Rajoy. Mesmo conseguiu un candidato propio que tivera o aval dalgún deputado autonómico da provincia.

Uns días antes da celebración do congreso provincial, *La Voz de Galicia* anunciaba como se ían producindo desercións en masa do campo baltariano e anunciaba que as posibilidades de Baltar (fillo) eran escasas tras a perda da elección de compromisarios na cidade de Ourense. Minusvalorouse a capacidade de control e de manobra que a estrutura de Baltar, herdada de Victorino Nuñez e allea ao modelo liberal urbano do PP, tiña no resto da provincia. Feijóo tivo que asistir, con cara de poucos amigos, ao acto de peche dun congreso provincial onde a familia Baltar e o modelo Centristas de Galicia se impuxera rotundamente ao modelo PP.

A segunda batalla iniciouna directamente *La Voz de Galicia*, sabedora dos problemas financeiros de Caixa Galicia e aproveitando a reestruturación bancaria a nivel estatal. Para iso necesitaban un verniz de pseudogaleguismo e agochar ao verdadeiro interesado na fusión: Caja Madrid.

Diante das resistencias de Caixa Nova, representante nítido do sector empresarial produtivo fronte ao especulativo da caixa do norte, houbo que poñer en marcha a artillería patriótica e utilizar ao equipo dirixente dun BNG, necesitado de triunfos, como aval ideolóxico da operación. Así nun tramite de urxencia, coma non se recordaba o Parlamento de Galicia, PP e BNG aprobaron unha nova Lei de caixas en menos de mes e medio.

Se os dirixentes do BNG leran algo máis a Karl Marx (en lugar de proclamalo) e estudasen algo de economía política saberían que o proceso de fusións de caixas se enmarcaba no camiño da súa

bancarización e que a Lei de caixas, aínda que non fose recorrida polo goberno central, ía ter pouco percorrido diante dun pacto PP-PSOE pola destrución do modelo de caixas. Máis aínda, as dúas caixas non eran alleas a este proceso de bancarización, foi Caixa Galicia quen foi máis alá no proceso especulativo financeiro e, polo tanto, máis afastado do tecido produtivo do noso país; e, por último, que detrás do discurso «galeguista» do goberno existía unha operación máis ampla de absorción das caixas galegas por parte de Caja Madrid.

A situación financeira de Caixa Galicia desaconsellou a operación de fusión a tres bandas e a partir de aí, e co beneplácito do Banco de España, Caixa Nova empezou a marcar a dirección da mesma. Aínda así, o tándem PP-BNG, dirixidos polo Grupo Voz, intentou unha última operación de descrédito do presidente de Caixa Nova, Julio Fernández Gayoso, sinalándoo como o causante dun posible fracaso da fusión.

O que non podían imaxinar Feijóo e os seus acompañantes tácticos era que o pacto Rajoy-Zapatero para acabar coas caixas ía ter un agasallo envelenado: a repartición de influencias entregando Caja Mediterránea ao PP e Caixa Galicia a Caixa Nova; así que o menosprezado Gayoso presidirá a Nova Caixa Galega que terá a súa sede financeira na súa xurisdición territorial. Nova derrota de Feijóo.

A terceira batalla era, a priori, a máis fácil de gañar: a da defensa do noso idioma e patrimonio cultural. E era doada de gañar porque a maioría dos galegos, tal como amosaron diversas consultas sociolóxicas, non se creron a infamia de que o galego se estaba a impoñer e porque, como sinalou con lucidez Xosé Manuel Beiras, ninguén pode entender, nin tan sequera os votantes do PP, que sexa desexable un goberno no mundo partidario de políticas de analfabetización.

Sobre esta batalla, como digo a priori a máis fácil de gañar, teño as miñas dúbidas de que se gañe en termos políticos. A ela

chégase cos movementos cidadáns desarticulados e postos ao servizo de intereses partidarios —a Mesa é un claro exemplo— e a estratexia miope do BNG neste campo céntrase na procura de réditos electorais —tal como no seu día fixeron con Nunca Máis— e non en reforzar politicamente a defensa dos intereses nacionais.

A dirección estratéxica da defensa do idioma é feble, soamente compensada pola aparición do colectivo ProLingua que, non obstante, non se atreveu aínda a dar un paso adiante para converterse no vertebrador social necesario da defensa plural da nosa lingua.

En todo caso, e aínda que esta batalla tamén a perdese Feijóo, todo apunta a que a guerra a ten gañada.

A inexistencia, primeiramente, dunha oposición institucional que mereza ese nome e, despois, dunha alternativa política nacional e de esquerdas, facilitan que temas importantes como a calidade da educación, a defensa da sanidade pública, a preservación do noso hábitat, a destrución dos sectores estratéxicos da economía galega... pasasen desapercibidos. Por certo, alguén lembra o Novo Estatuto? Esvaeceuse da axenda coa mesma facilidade que se esqueceu a herdanza do bipartito.

Atopámonos nun momento no que non existe unha verdadeira oposición institucional pero ademais, e o que é peor, a medio e longo prazo, podemos atoparnos sen unha alternativa nacional de esquerdas fronte á actual hexemonía da dereita. E digo peor porque, no primeiro caso, xa non ten moito remedio durante a presente lexislatura tal e como se moven os partidos da oposición e debido ao baixo rateo señoría/intelixencia que ocupa os escanos da oposición no Parlamento de Galicia. Namentres que no segundo, se non xorde unha alternativa á marxe das actuais estruturas partidarias sospeito que teremos *feijooismo* para tanto ou máis tempo que o que tivemos fraguismo.

Así as cousas, conviría saber cantas persoas comparten esta mesma reflexión (sobre a situación crítica da esquerda política) e conclusión (necesidade da vertebración dunha nova alternativa).

Particularmente cheguei a pensar que era un bicho raro. O feito de que dende hai moito tempo non me vexa reflectido en ningún dos partidos existentes fixo que oscilase criticamente entre os existentes, sen maior entusiasmo, e soamente como un mal menor diante dunha dereita reaccionaria e de difícil homologación europea.

Un día un amigo díxome: «Non coñezo ningún ecosocialista en Galicia aparte de ti.» No entanto, eu xa comprobara como nos últimos anos medraba o número de persoas que cun alto nivel de conciencia política priorizaban a súa militancia nas organizacións sociais a medida que abandonaban a súa implicación partidaria. Tamén era doado atopar un número cada vez maior de votantes de esquerda que, no mellor dos casos, se achegaban sen moita convicción ás urnas e que valorarían positivamente que xurdise unha nova opción diferente das coñecidas.

En todo caso, máis alá dos termos —ecosocialista, ecomunista, nova esquerda, altermundista...— hai elementos comúns en todas esas persoas á hora de valorar o proxecto político necesario:

- ten que ser claramente antisistémico pero pensado en clave de minorías influentes e non necesariamente marxinais nin marxinalizadas;
- ten que antepoñer a estratexia aos posicionamentos tácticos e, polo tanto, ten que valorizar o papel e a importancia dos movementos sociais;
- debe ter unha visión actual do suceso revolucionario con toda a súa amplitude e complexidade, fuxindo de inexplicables corporativismos;
- ha de actualizar o proxecto nacional tendo en conta a crise dos estado-nación e os procesos de converxencia, situando no soberanismo a fase política dun proxecto de autodeterminación que evolucionou desde o rexionalismo e que se definiu nas pasadas décadas como nacionalismo;
- ten que asegurar a prioridade dos elementos do ecoloxismo social nunha etapa en que se fai mais real que nunca a

autodestrución global poñendo de actualidade a disxuntiva entre socialismo e barbarie;

- ha de ser escrupulosamente democrático para que as persoas sexan donas do instrumento político sen a innecesaria intermediación de grupos que interpretan previamente a vontade do colectivo.

Entón, onde está o problema? Está nas direccións das organizacións que secuestran os proxectos da esquerda partidaria e intentan reiteradamente asaltar as organizacións da esquerda social. Estas cúpulas sufriron ao longo dos últimos anos un proceso de degradación cultural e intelectual froito do desencanto dos dirixentes máis cualificados, ao tempo que se agudizaron dous procesos que poderían denominarse, en termos clínicos, paranoia e esquizofrenia.

A paranoia dáse en grupos que, diante da súa imposibilidade de conectar con mínimos sectores sociais, ao non ser capaces de analizar obxectivamente os cambios producidos na estrutura económico-social ou política-cultural, acaban desconfiando da sociedade e entréganse a un proceso de endogamia retroalimentada pola persecución de pretendidas conspiracións ou conspiradores que reflexionan con autonomía e honradez (mesmo errando) sobre o que acontece en Galicia e no planeta.

A esquizofrenia avanza en sectores que noutrora mantiñan posicionamentos claramente superadores do capitalismo e que perderon a relación espazo-temporal, pasando a manter, no plano teórico, un discurso antisistémico ao tempo que se dedican a xestionar coa maior devoción o actual statu quo sen renunciar ademais a acusar de traizón aos seus antigos camaradas de loita.

Non é un problema de inxenuidade política. Sábese que no xogo democrático electoral as cousas son do seguinte xeito: imos modificar os nosos programas e as nosas formulacións co obxectivo de entrar en novos nichos electorais ou, pola contra, aquelas cuestións estratéxicas que afectan á misión e principios non se cuestionan en función de intereses electorais.

No primeiro caso todas as experiencias, incluída a do bipartito do PSdeG e o BNG, indican que cando renuncias ao teu proxecto tes máis posibilidades de perder nos teus nichos electorais que gañar nos dos adversarios.

No segundo, é obvio que o avance é mais lento pero se poden configurar minorías suficientemente amplas para condicionar as políticas gobernamentais.

En todo caso, as dúas estratexias son lexitimas pero igualmente incompatibles. E faise necesario ter a honradez suficiente para dicir os pros e contras de cada un dos camiños escollidos se non queremos que a esquizofrenia e a paranoia política, tan presente nos dirixentes actuais da esquerda partidaria, acaben contaxiando tamén a súa base social e aos sectores máis dinámicos, imprescindibles para unha mudanza que é tan necesaria como posible.

As organizacións sociais están chamadas a xogar un papel cada vez máis importante, pero a inexistencia dun correlato partidario pode chegar a provocar unha situación inevitable de devalo que leve a cidadanía á deserción política ben por cansazo nuns casos, ben por cinismo, noutros.

Nos últimos tempos asistimos a interesantes iniciativas como a Rolda de Rebeldía, pero estamos nun momento, global e local, no que se necesita da toma de iniciativas comúns que permita ás persoas de esquerdas volver erguer a cabeza con dignidade.





### **Pasar das palabras aos feitos<sup>3</sup>**

Xa se escribiu moito sobre a situación da esquerda e posiblemente aínda queda por escribir moitísimo máis en sisudos artigos e reflexións que, seguramente, non achegarán nada novidoso. Así que en poucos caracteres e a grandes trazos, nos últimos anos a situación da esquerda é descritivamente a seguinte:

- Partidos políticos institucionalizados (PSOE, BNG) que nos defraudan continuamente e cando gobernan xeran unha forte frustración pois non cumpren nin tan sequera cos seus programas de mínimos.
- Partidos na marxinalidade (e aquí hai unha chea deles) e que ademais na maioría dos casos reproducen as peores fórmulas, tanto políticas coma organizativas, dos partidos institucionalizados.
- Esquerda social feble e fragmentada até o absurdo e que, agás raras excepcións, non teñen nin capacidade de incidencia política nin influencia social. Cando se vertebran en redes a debilidade da maioría fai que os procesos naufraguen rapidamente por incapacidade de iniciativa ou porque as redes, en lugar de ser espazos de impulso, son froito dunha suma de debilidades (un caso revelador foi o da Rede Anticapitalista).

---

<sup>3</sup> Publicado no blog *GaliziaEcosocialista* e en *Altermundo*, xuño de 2010

## De que se trata?

Non se trata de crear un novo partido xa que non tería espazo electoral e se o chegase a ter volvería reproducir os pasos dados polos anteriores; isto é: a medida que subisen en votos irían «adaptando» as súas políticas ás necesidades de crecemento electoral até comezar a baixar, de novo, unha vez que se afastan da súa base electoral.

Por outra banda, partidos de reforma que traballan nas institucións xa hai (PSOE, BNG e EU) e, de existir un tecido social forte, farían unha función necesaria, sendo nese senso aliados tácticos de movementos estratéxicos de fondo. Asemade, existen moreas de mini-partidos que, na súa maioría, están fóra da realidade e se moven con parámetros de pensamento previos, no mellor dos casos, da sociedade posfordista.

Trátase de crear unha organización social de carácter político ou unha organización política (non institucional). A súa función non sería presentarse ás eleccións. A esta organización poderían pertencer membros con militancia partidaria, sempre e cando partisen da lóxica «instrumentos partidarios tácticos ao servizo de organizacións sociais de carácter estratéxico».

A súa función viría ser algo así como un *think tank* (obradoiro de ideas) pero indo máis alá porque non necesitamos un novo club de debate ou reflexión senón un colectivo de intervención política. Ou sexa, tamén tería como papel político elaborar estratexias de cambio e poñelas en práctica, actuando fundamentalmente no tecido asociativo do país, participando no Foro Social Galego e noutras iniciativas conxuntas ou sendo motor dunha revitalizada Rede Anticapitalista.

Na actualidade, existen organizacións de cidadáns que se dedican á solidariedade, ao ecoloxismo, ao feminismo... cun certo éxito, pero non se construíu unha organización de carácter político global. A maioría das persoas que poden estar interesadas

en facelo están (estamos) cangados pola multimilitancia e iso dificulta a nosa posible acción. Pero, por outra banda, sábese que unha boa parte dos activos da esquerda social nunca empregarían un segundo en montar un novo partido por moito que haxa un recoñecemento da existencia dun certo esgotamento na militancia froito de tanta frustración e illamento.

A creación dun colectivo político (de carácter social e non partidario) faino permeable máis xente e pode servir para elaborar ideas, estratexias e favorecer o encontro de correntes políticas (antisistémicas) que hoxe están divididas por miserias persoais e mínimos niveis de reflexión.

## Como?

Obviamente necesitamos un manifesto, unha misión, uns obxectivos, unha metodoloxía e unha estrutura practica e áxil que permita conxugala coa militancia social como prioridade. Trátase de optimizar recursos creando un colectivo que sexa áxil organizativamente e que a súa fortaleza estea na capacidade de incidencia e non na construción de estruturas que despois necesitan retroalimentarse con recursos humanos e financeiros.

Algunhas das liñas estratéxicas centrais —que se converterían en obxectivos do colectivo— para vertebrar unha esquerda con futuro son:

1. Necesidade dun colectivo político global (formato de asociación, non partidaria) que vehiculice as propostas dos movementos sociais galegos e funcione como o seu interlocutor diante das institucións e como canalizador das instancias de representación cara á sociedade civil.
2. Afortalar os movementos sociais sectoriais de carácter crítico e independente, priorizando nunha mancha de organizacións referenciais sobre as que hoxe pode pivotar o

movemento social galego (Verdegaia na ecoloxía, Amaran-te no internacionalismo, SLG no movemento agrario, Foro da Inmigración na autoorganización das persoas migrantes, Marcha Mundial das Mulleres no feminismo...).

3. Elaborar programas e propostas globais e sectoriais para a Galicia da primeira metade do século XXI, tendo en conta a xustiza social global, a sustentabilidade ecolóxica en base ao decrecemento, e a radicalidade democrática; atendendo ademais a nosa posición na periferia do centro do capitalismo global, como unha realidade nacional complexa socialmente e sometida a un proceso de destrución das súas estruturas económicas tradicionais e á degradación dos seus hábitats e ecosistemas.
4. Elaborar estratexias políticas de cambio que teñan en conta unha esquerda institucional bipolarizada entre o sucursalismo e o populismo, cunha forte tendencia ao pragmatismo que as leva a perder bases sociais para o cambio, e uns movementos sociais febles, altamente fragmentados e con escasa análise política e debilidades organizativas moi evidentes.
5. Modernizar e renovar os proxectos da esquerda de reforma para que retomen a interlocución coa sociedade civil organizada elaborando os seus programas e a súa acción institucional consonte ás demandas dos colectivos sociais interesados na modernización e democratización do BNG e na vertebración dun PSdeG galeguizado e cun proxecto nacional.
6. Fortalecer o espazo da esquerda alternativa democrática e soberanista (MpB, FPG, Encontro Irmandiño, PCPG) promovendo a súa converxencia e unha actualización do seu ideario político e ideolóxico.

## Crise do sistema ou crise da esquerda<sup>4</sup>

Asistimos a unha crise global e sistémica, unha crise poliédrica que contén moitas crises á vez: crise financeira, social, alimentaria, enerxética, medioambiental... Trátase, sen dúbida, da primeira gran crise da globalización. Agora ben, nesta crise, que no fondo amosa que existen condicións obxectivas para un proceso de superación do actual sistema capitalista, é a crise da esquerda á que ten abrollado con maior intensidade até o punto de que asistimos a unha esquerda (fundamentalmente partidaria) que se atopa nos seus momentos máis baixos: intelectualmente anoréxica, politicamente insulsa e organizativamente esnaquizada.

O curioso, e aquí a primeira contradición, é que, despois de cualificar de global e sistémica a crise, a resposta á mesma pasa por simples consignas —que a crise que a paguen os ricos— e con propostas que foron superadas en reiteradas ocasións. Desde a esquerda partidaria e sindical, obviamente, non se comparten os recortes sociais cos que, supostamente, se está resolvendo a crise, pero máis alá desta obviedade e de apostar por fórmulas de maior presión fiscal sobre as grandes fortunas, deprime escoitar aos dirixentes da esquerda falar de «reactivar o consumo» ou «volver á senda do crecemento» nun tempo en que as mentes máis lúcidas do planeta propoñen iniciativas de autosustentabilidade planetaria, soberanía alimentaría ou decrecemento. Mais se estas son as

---

<sup>4</sup> Publicado no blog *GaliziaEcosocialista* en xuño de 2010 en base á intervención na mesa de debate «A esquerda diante a crise», organizada por *Tempos Novos*.

«solucións» que se ofrecen desde a esquerda partidaria e sindical, a folga xeral dun día é sinalada como o instrumento para frear a ofensiva do que, moi acertadamente, Boaventura de Sousa Santos define como *fascismo financeiro*.

Non hai obxectivos claros para unha folga xeral convocada para cubrir o expediente e que non ten unha lóxica estratéxica de acumulación de forzas para mudar a súa actual correlación. Na sociedade posfordista na que nos tocou vivir, onde xa a clase obreira non se recoñece como tal e non traballa agrupada en grandes fabricas con varios millóns de desempregados, cunha parte da poboación migrante na marxinalidade ou coa mocidade allea ao debate político, propor como único instrumento de loita unha folga xeral dun día contén unha mensaxe de clara resignación.

O que se necesita é unha folga xeneralizada, a nivel europeo e transversal mesmo na súa convocatoria. Non quedamos en que se trataba dunha crise sistémica e global? Daquela a resposta ten que ser antisistémica, global e transversal e multirrexional. Por que non convocatorias de mobilización conxuntas de sindicatos, organizacións agrarias, grupos ecoloxistas e movementos sociais? Ou é que diante dunha folga tan claramente política ten algún sentido apelar á prerrogativa constitucional para que sexan as centrais sindicais as únicas convocantes.

Habendo condicións obxectivas, temos as peores condicións subxectivas. Recoñezámolo, a día de hoxe non hai alternativa e como non se cambie de rumbo tampouco haberá alternativa a medio prazo porque a alternativa non é só un programa e un aparato partidario presentándose ás eleccións. A alternativa é, fundamentalmente, unha proposta e unha estratexia de cambio.

Tampouco é certo, como cren algúns, que a situación de marxinalidade dos partidos da esquerda antisistémica veña dada pola súa firmeza. Só ver a longa listaxe de grupos políticos que hai á esquerda do PSOE e do BNG vale para decatarnos da súa incapacidade de entendemento, nin tan sequera entre os que, suposta-

mente, teñen o mesmo pensamento e ideario. Aínda que ese non é o problema da esquerda en xeral. As forzas da esquerda europea xa renunciaron desde a Segunda Guerra Mundial a elaborar unha estratexia de cambio antisistémico. Diante do movemento *sesentaioitista* actuaron co mesmo conservadorismo as forzas do sistema e a maioría dos partidos comunistas.

Con todo, aínda hai que ir máis atrás. Dicimos ser herdeiros da I Internacional pero somos *vítimas* da II e sucesivas internacionais porque, se ben é certo que con respecto ao Estado e ao poder, socialdemocracia (reformistas) e comunistas (revolucionarios) camiñaron por sendas diferenciadas, no fondo existen moitas analoxías. A II Internacional asentou na esquerda europea unha concepción corporativa (obreirista), reformista, industrialista e eurocentrista compatible coa lóxica do sistema. Karl Marx foi durísimo na súa *Crítica ao programa de Gotha* (1875) coa constitución do primeiro partido obreiro alemán, precisamente, por esta visión exclusiva e corporativa do *suxeito revolucionario*.

A globalización deixou en evidencia a incapacidade da esquerda non socialdemócrata para elaborar estratexias de cambio maioritarias. Ao concepto reduccionista do *suxeito revolucionario* segue unha concepción igualmente limitada do instrumento do cambio; así xorde o *partido guía* que sabe que camiño se debe seguir e quen deben ser os compañeiros de viaxe.

Esta visión, trágica para o movemento revolucionario cando os partidos eran instrumentos políticos, na actualidade tórnase cómica cando os partidos son tan só simples maquinarias electorais engulidas polo sistema.





## Que é iso de «refundar» a esquerda?<sup>5</sup>

O sábado 5 de xuño de 2010 iniciouse, en Compostela, o proceso de *refundación* da esquerda galega sen a presenza da maioría das mulleres e homes de esquerda deste país. Fun convidado a ese acto de *refundación*, pero non asistín porque o interpretei máis como un acto electoral dun partido en horas baixas que como unha aposta real pola unidade e renovación da esquerda. Quero aclarar, antes de nada e para evitar malos entendidos, que me parece ben que se celebren eses actos e que calquera iniciativa en favor da unidade, aínda que desde o meu punto de vista parta de premisas erradas, é positiva. Deixado sobre a mesa algunhas reflexións e apostas.

Tras máis dunha década eliminando *críticos e traidores*, a actual dirección de Esquerda Unida debería facer unha seria reflexión autocrítica sobre o proceso vivido desde os anos noventa até hoxe, se realmente quere ter a autoridade política para iniciar un proceso de auténtica refundación. Non se pode falar de liberdades nacionais nin de federalismo, a non ser que se faga dun xeito retórico, se non se modifican ás relacións de EU con IU até o punto de ser unha organización soberana como o é ICV, ou cando menos tan autónoma como o é o PSC respecto ao PSOE. Como se pode construír un espazo federal se nin as propias organizacións que o promoven teñen a soberanía para decidir a súa estratexia á marxe da estrutura central?

---

<sup>5</sup> Publicado no blog *GaliziaEcosocialista*, xuño de 2010.

O proceso de actualización e construción dun nova esquerda revolucionaria non pasa por iniciar procesos á calor dun desgaste electoral ou pensando nas próximas eleccións, sobre todo cando hai cada vez máis voces desde a propia esquerda que se están a repensar a fondo a súa relación coas urnas. Diseñar procesos de *refundación* cando as cousas pintan mal, ou pedir a modificación da Lei d'Hondt cando os resultados non favorecen, non é crible.

Tiven ocasión de ler o guión da asemblea da *refundación real* (a de Madrid do 26 e 27 de xuño) e puider ver que se trataba dun programa político ao que non nada hai que obxectar, como non hai nada que retrucarlle aos programas electorais que Izquierda Unida presentou, desde a súa fundación, nestes últimos 25 anos. O punto crítico non está nun programa que podería asumir un ampla maioría da esquerda. Por outra banda, é difícil atopar nese programa nada que sexa novidoso.

O problema para a renovación e construción dunha nova esquerda galega e global pasa por resolver cinco grandes interrogantes centrais:

1. Por que a esquerda europea (agás a portuguesa en 1974) renunciou a unha estratexia de transformación anticapitalista desde a Segunda Guerra Mundial?
2. Que supuxo a caída do muro de Berlín e a desmembración do bloque soviético para a esquerda?
3. Como ten que revisar a esquerda política a súa estratexia de alianzas para volver construír un bloque de cambio xunto coa esquerda social? Isto tamén pasa por revisar o seu papel institucional e de forza de goberno ou oposición.
4. Cal é o suxeito revolucionario na sociedade posfordista de inicios do século XXI? Obviamente este non o pode ser en exclusiva a clase obreira como xa non o era no século XIX (cómpre ler as reflexións de Marx na *Crítica ao programa de Gotha* de 1875 sobre o nacemento do primeiro partido obreiro alemán). Por certo, isto ten moito que ver coa ver-

tebración nacional da esquerda, elemento do que habitualmente se esquece EU.

5. Como construímos un movemento democrático onde cada persoa sexa un camarada e non un compañeiro de viaxe?

Levamos moito tempo criticando o papel da UPG dentro do BNG como para agora loar o papel do PCE en IU. A premisa é a mesma: o partido vangarda que decide e compañeiros de viaxe que achantan ou marchan.

A miña crítica ao PCE ou á UPG non é pola súa ideoloxía comunista (aínda que dubido que esta última teña esa tal ideoloxía), senón pola súa concepción profundamente antidemocrática da participación das persoas: compórtanse como *lobbies* de poder que exercen a súa tutela sobre o resto da organización. Lamentablemente para eles, non a poden exercer sobre a sociedade nin sobre a súa base electoral.

Izquierda Unida necesita unha refundación e oxalá lle vaia ben. A esquerda, non! A esquerda necesita un proceso de actualización dos ideais e da misión e un fonda renovación das súas liñas estratéxicas. E tamén, claro esta, necesita de persoas. Manuel M. Barreiro, Xosé Manuel Beiras, Laura Bugallo, Carme Carballo, Xoán Carlos Carreira, Lupe Ces, Fernanda Couñago, Xan Duro, Xacobe A. Fernández, Carme Freire, Emilio Ínsua, Camilo Nogueira, Iván Prado, Ramón Rodríguez, Manoel Santos, Lidia Senra ou Hector Silveiro son algúns dos nomes sen os que se me fai imposible concibir unha esquerda galega do presente e con futuro. Persoas de diversas xeracións e pensamentos pero co denominador común do traballo en favor do planeta, de Galicia e dos *sans culotte*, desde a esquerda social que representan ou desde a ética persoal do compromiso permanente.

Boa sorte para Esquerda Unida pero, sobre todo, boa sorte para a esquerda.



## Novos e vellos camiños da esquerda<sup>6</sup>

Asistín ás xornadas *Novos camiños para a esquerda galega* onde compartían mesa de debate Camilo Nogueira e Xosé Manuel Beiras, historia —eu diría tamén presente e como a cousa siga así: futuro— da esquerda do noso país no último cuarto do século XX.

A esquerda galega configurouse na última metade do século XX como prolongación da evolución do movemento galeguista, nas súas diferentes etapas, até chegar ao nacionalismo como fase que quizás sexa xa necesario superar, conectando cunha liña de innovación filosófica e reflexión global onde sempre estivo situado o galeguismo político. Nogueira e Beiras representan a priori as dúas formas de entender a vertebración filosófica, política e organizativa da esquerda na Galicia contemporánea e do nacionalismo despois da longa noite de pedra, sendo os líderes do galeguismo político tras a desaparición traumática de Bóveda e Castelao.

E digo a priori, porque se ben é certo que as formulacións da extinguida Esquerda Galega e do BNG —por agora, aínda non extinguido— nacían de análises con puntos de partida diferentes, co paso do tempo a propia crise global da esquerda axudou a que os dous modelos de entender a construción da esquerda nacional confluesen na aposta por unha formulación claramente altermundista en conexión cos novos movementos antisisté-micos globais, na relación democrática coa sociedade civil (sen instrumentalizacións) e na vertebración interna entre as partes

---

<sup>6</sup> Publicado no blog *GaliziaEcosocialista*, setembro de 2010.

dun proxecto necesariamente amplo que atenda a unha esquerda necesariamente plural.

Obviamente, a súa estrutura de pensamento, a súa análise política e mesmo os seus estilos son diferentes. Cada un deles ten xerado un certo clan de seguidores, claramente máis numeroso no caso do Beiras. Eu son do grupo que profeso respecto e admiración aos dous por igual no convencemento de que Galicia, en xeral, e a esquerda, en particular, non se pode permitir o luxo de prescindir de políticos que deseñaron con tanta lucidez a renovación das ideas da esquerda e a actualización do nacionalismo político. Aínda que, como acostumo a andar a contracorrente, soamente os votei a última vez que se presentaron a unhas eleccións autonómicas. A Camilo Nogueira nas eleccións de 1993, no marco da fracasada coalición UG-EU, e a Xosé Manuel Beiras en 2001, ano en que a UPG entendeu necesario o inicio da purga do BNG tras dúas décadas de «demasiada» apertura política e electoral.

A poucos quilómetros de onde un centenar de persoas asistiamos ao debate organizado polo grupo promotor do blog *renovabng*, Máis Galiza inauguraba o curso político cunha declaración do seu líder Carlos Aymerich no que se situaban no termo medio entre as posicións extremas dos que propoñen que «o proxecto do BNG está esgotado e xa non serve» e dos que «pretenden atrasar o reloxo da historia».

Non serei eu, que abandonei o BNG antes de que existise —no remate do curso do 82 un grupo de estudantes deixamos ERGA aburridos, xa daquela, dos que hoxe seguen tres décadas despois dirixindo os destinos do nacionalismo—, quen me poña a dar consellos aos seus membros por onde deben camiñar, mais comprenderase que me sinta concernido no debate como militante que comparto a necesidade dunha nova vertebración na esquerda de Galicia.

A posición central nun debate soe ser a máis equilibrada por canto é a construción da síntese entre a tese inicial superada e a

antítese simplemente negadora. Pero esta posición de equilibrio, baseada nunha suposta metodoloxía dialéctica, non é máis que un pano de fume cando o que se enfrenta, verdadeiramente, é a tese non coa antítese senón coa propia síntese ou, dito dun xeito máis claro, cando a tese de que «o BNG é un proxecto amortizado» non é unha mera negación diante do estancamento político e o retroceso electoral do nacionalismo senón a síntese entre a tese dunha organización ideoloxicista e populista (defendida pola UPG e grupos afíns) e a antítese dunha organización taticista e electoralista (defendida por unha parte importante de Máis Galiza).

Creo que o BNG como instrumento de loita polo socialismo e pola soberanía nacional de Galicia —entendidos estes dous conceptos a luz do século XXI e non con fórmulas do século XIX ao que nos teñen acostumbrados algúns grupos— é un proxecto esgotado e amortizado hai bastante tempo. É máis, cabería reparar en cales son os elementos que conduciron a esta degradación política arredando estes factores do devalo electoral. Digo isto porque aínda que poidan estar relacionadas o declive electoral do BNG na última década e súa degradación política, para explicar o primeiro hai elementos sinxelos claramente observables: recuperación do PSOE tras a fase final do felipismo, cambio e empobrecemento do liderado no BNG, pésima xestión e ausencia de políticas de *reforma forte* nos grandes concellos e posteriormente no bipartito.

Agora ben, a degradación política contén elementos de maior profundidade, auténticas correntes soterradas que agromaron con forza a partir da última década e sobre as que cómpre, nalgún momento, reflexionar.

Durante o debate da *Rolda de Rebeldía* falei, con demasiada atención mediática sobre este aspecto, de que a esquerda en xeral padecía a enfermidade do sectarismo. O actual BNG estaría máis próximo á doenza coñecida como esclerose múltiple. Problemas de coordinación, perda de visión, lentitude nos movementos, cansanzo e entalamento. Unha doenza, por outra banda, crónica.

Fraga triunfa despois de retirado. No país do minifundismo até a patoloxía, o nacionalismo permanece (aparentemente) unido e, mesmo, sae sen fisuras dun período de goberno onde as contradicións deberían xerar cando menos dous proxectos. A sociedade galega moderna e plural merécese varias forzas nacionais na esquerda e, en cambio, atopámonos cun sistema electoral raquítico no partidario e anoréxico no político.

Alguén pode pedirme razóns sobre os que basear esta afirmación. Ocorrénme algunhas dificilmente refutables:

- Na última década, socioloxicamente, Galicia mudou moito e o seu corpo electoral non é o de hai dez ou vinte anos e o afastamento do discurso do BNG da sociedade agrandouse. Diante disto a liña de moderación política e discursiva supuxeron a perda de referentes claros de esquerda mentres que non se foi quen de penetrar nin un pouco no electorado conservador.
- O paso polo goberno do BNG non permitiu que callase unha percepción positiva como partido xestor entremetres que si o desmitificou como partido de loita e transformación política e social.
- O BNG é visto como algo alleo entre os sectores da esquerda social máis dinámicos, moi claramente entre os movementos sociais que o perciben como inimigo.
- A involución electoral do BNG dáse fundamentalmente no electorado de futuro —urbano e máis novo— que foi, anteriormente, un piar central do seu ascenso. O desapego da mocidade cara ao nacionalismo é enorme.
- A organización interna do BNG e a repartición de forzas, tal como está definida hoxe, impide calquera mudanza ou renovación profunda. En 2002 intentouse e derramouse a última posibilidade.
- Unha boa parte da base sociolóxica do BNG que posibilitaría unha mudanza está fóra da organización frontista.



A solución na esquerda pasa por desentoar o elemento que hoxe tapon a súa vertebración plural: o propio BNG. Até agora, os cismas sufridos polo Bloque tiñan unha importante carga de marxinalidade social, principismo ideoloxicista e esterilidade electoral, consecuencia da mesma análise errada do país da que parten os dirixentes da UPG. A aposta de futuro debe pasar por un proxecto plural e democrático que asuma a construción dunha hexemonía nacional desde a esquerda. Se isto non ocorre e as persoas que deberían dar un paso adiante non o fan, teremos un período de devalo vagaroso até chegar a un termo no que a esquerda en Galicia será, institucionalmente, residual. Isto non está lonxe de ocorrer e o que nos xogamos non é se a dereita extrema encabezada por Feijóo domina esta e a próxima lexislatura senón se o cartel do Partido Popular en 2025 é Feijóo, emulando en lonxevidade política ao seu predecesor e desfecendo social e institucionalmente o país.

## Notas finais

**Tendencias:** A esquerda política móvese no continente e no mundo con claros compoñentes antisistemicos e ambientalistas, así que ou ben somos capaces de vertebrar un proxecto nacional en conexión coas novas tendencias que xa se apuntan con forza ou acabaremos tendo en Galicia unha franquía débil dalgún proxecto estatal en proceso de xestación.

**Debate:** Cometemos un erro interpretando que o problema da UPG con respecto ao BNG é o seu carácter comunista, non só porque isto sexa irreal senón, sobre todo, porque esta formulación lle dá á UPG a oportunidade de aparecer como o sector máis de esquerdas do nacionalismo, cousa que, evidentemente, é falaz.

**Ollar o futuro:** A nova etapa da esquerda política non pode pasar por reconstruír o Bloque, nin por competir co que fiquen tras a

súa desfeita. A aposta de futuro debe ser un proxecto nacional onde nos encontremos persoas que hoxe están no BNG e os que non ao redor dun proxecto de reinterpretación do socialismo global e da independencia no marco da co-soberanía en Europa.

## A esquerda moderna e a campá de Gauss<sup>7</sup>

Aquel que entenda ao babuíno contribuirá á metafísica máis que John Locke.

CHARLES DARWIN, *Caderno D*, agosto de 1838

Calquera que estude con detemento a lóxica da dialéctica materialista, principal instrumento de análise e intervención política que construíu a esquerda, e repare en como se desenvolveu a física moderna desde o xurdimento da termodinámica, decatarse da increíble coincidencia que hai entre a dialéctica empirista marxiana e a física da complexidade. Esta coincidencia non predispoñ, obviamente, a favor ou en contra do pensamento social de Marx e Engels pero si que avala a súa metodoloxía científica de interpretación e análise.

A física non pode responder a todos os enigmas da humanidade, afirmar que si nos entregaría a un «cientifismo» determinista e idealista, afastado do razoamento materialista, e ademais podería ser cuestionado por posteriores indagacións científicas. Porén, a física da complexidade sitúanos os límites polos que non deberíamos tentar deambular, agás que queiramos expoñernos a imposibles que, en termos sociais, xerarán frustracións e retrocesos. Sen dúbida, unha das incorporacións máis importantes que deu coa mecánica cuántica e os avances da ciencia foi a *teoría da*

<sup>7</sup> Publicado no blog *GaliziaEcosocialista*, xaneiro 2011.

*probabilidade* (en base a elementos estatísticos matemáticos) para resolver problemas complexos. Un destes mecanismos increíbles é a *función gaussiana*, coñecida como *Campá de Gauss* en honor ao matemático alemán que a formulou.

Dinos Carl Friedrich Gauss algo tan sinxelo como que a distribución normal é a distribución de probabilidade que con máis frecuencia aparece en estatística e que esta configura unha gráfica en forma de campá porque estatisticamente os elementos (e tamén os individuos e as súas posicións, engadiría eu) tenden a incorporarse de xeito equilibrado arredor dun eixo central de maior concentración de posicionamentos.

É aí onde hai que situar unha boa parte dos problemas que ten a esquerda. Estamos atentos realmente as necesidades actuais dos cidadáns e das cidadás ou seguimos con esquemas da primeira metade do século pasado? E en función diso, construímos estratexias de cambio ou conformámonos con ter unha actitude postural estéril?

Co remate do franquismo, nos primeiros anos da Transición, todo parecía indicar que o PCE, que durante a Ditadura xogara un papel clave na resistencia e que ademais tiña un forte tecido asociativo, ía ser predominante na esquerda nas primeiras eleccións fronte a un PSOE que tomara vacacións desde 1939 e que apenas tiña presenza militante. Coas primeiras eleccións, e para sorpresa da maioría, o PSOE arrasou e o PCE asinou resultados menores.

A cultura anticomunista inoculada no franquismo e o financiamento da socialdemocracia alemá de certo que tiveron moito que ver nos resultados electorais, pero non explica nin a distancia entre ambas as dúas forzas nin que, en sucesivas eleccións, a fenda se agrandase cada vez máis. As voces erguéronse contra D'Hont e a Lei electoral pero, en realidade, o culpable da derrota do PCE foi Gauss e a súa campá.

Poño este exemplo porque é moi clarificador, pero podería aplicárselle ao BNG, na actualidade, ou a calquera forza que perda o eixo central.

Fronte á frustración pódese pensar, como xa o fixeron moitos e moitas, que toca centrarse e incorporarse á maioría silenciosa que está na veciñanza do eixe da campá. Non deixa de ser unha solución persoal pero isto significa renunciar a transformar a sociedade e a cambiar o sistema, elemento nuclear da esquerda. Daquela, que podemos facer para que o *príncipe das matemáticas* non nos arruíne o futuro e a revolución?

Cómpre desenvolver unha estratexia que metodoloxicamente permita construír un maioría social para o cambio definindo as propostas económicas, políticas e culturais que sexan susceptibles de mellorar a vida das persoas e de ser asumidas polos máis dos cidadáns e cidadás. Hai que construír unha alternativa desde a esquerda para a atraer culturalmente á maioría, saltando da *función gaussiana* á *hexemonía gramsciana*, desterrando o sectarismo, o corporativismo e a marxinalidade na que se move a esquerda. A tarefa é construír unha esquerda moderna.

Poderáseme dicir, e non sen razón, que o termo *moderno* é etéreo. Tratarei de definilo. *Moderna* é unha esquerda centrada na xustiza social da abundancia dos dereitos, unha esquerda liberadora da alienación das persoas, unha esquerda radicalmente democrática e de valores republicanos, unha esquerda enraizada nos retos ecolóxicos do planeta, unha esquerda incardinada nos intereses nacionais do noso país. É unha esquerda radicalmente emancipadora á vez que respectuosa coas persoas e a súa liberdade de conciencia. Unha esquerda avanzada no ético e no estético. Unha esquerda disposta a escoitar e a aprender.

O nacionalismo galego —ou sexa a esquerda en Galicia— tivo nos anos trinta co Partido Galeguista de Castelao unha etapa de experimentación e innovación creativa que o situou nunha dinámica de hexemonía impensable. Nos anos noventa do século XX, e da man do BNG de Beiras, cun crecemento electoral espectacular, case acada o obxectivo de gobernar e cambiar Galicia. Agora cómpre construír o nacionalismo do futuro e para iso aqueles que

estean dispostos a vertebralo deben ter en conta as experiencias máis próximas no tempo, pero sobre todo non deben perder de vista a campá de Gauss. O pensamento político ten marxe para a intervención mais esta non debería intentar poñer en cuestión a Lei da gravidade. Estaría tristemente abocado a un ridículo fracaso.

## Problemas reais, solucións erradas<sup>8</sup>

Nos anos vinte, Korch, Gramsci e eu mesmo intentamos, cada un ao seu modo, enfrontarnos co problema da necesidade social e coa súa interpretación mecanicista, herdada da II internacional. Herdamos o problema pero ningún de nos —nin tan sequera Gramsci que era o mellor dotado dos tres— soubo resolvelo.

GYORGY LUKÁCS

A un ano da celebración da Rolda de Rebeldía, e como parte do proceso de apertura á sociedade, celébrase a III Asemblea do Encontro Irmandiño. Unha nova cita para a esperanza nunha situación cada día máis complicada para a esquerda galega.

O conxunto da esquerda, despois dunha traxectoria difícil na Transición, chegou a finais dos anos noventa cun alto grao de unidade e a unha importante capacidade de incidencia política e influencia institucional no sistema de partidos de Galicia. A unidade respondeu a factores internos pero tivo moito que ver con esixencias externas (o modelo de democracia fraguiana necesitaba para funcionar da máxima anorexia e a mínima pluralidade política). A incidencia e influencia responderon a unha estratexia perfectamente elaborada desde o interior (aínda que tamén foi favorecida polo descalabro dun PSdeG falto de proxecto nacional e sen o propulsor

---

<sup>8</sup> Publicado no blog *GaliziaEcosocialista*, xaneiro de 2011.

que, durante algún tempo, representou o felipismo. En calquera caso, o BNG converteuse, a finais da década dos noventa, no referente plural da esquerda, mesmo para aqueles que non o votabamos, e creou expectativas importantes de cambio nos sectores socialmente máis dinámicos (labregos, traballadores, pequenos empresarios, profesionais *free lance...*) e xeograficamente cun despegue clave nas cidades galegas, chegando a ter a alcaldía de tres delas e a co-gobernar cinco máis, pero tamén xeracionalmente afiánzándose como a opción electoral máis importante entre a mocidade.

Tras o *sorpasso* electoral do PSdeG, algúns dirixentes do BNG e diversas personalidades da esquerda principiaron a albiscar un cambio de ciclo político e a urxente necesidade de abordar un proceso irremediable de renovación do proxecto do nacionalismo de esquerda que botara andar en 1982 no Frontón de Riazor. Os problemas eran reais, pero a solucións foron erradas.

Na actualidade, a esquerda partidaria, de volta na oposición, perdeu a capacidade de creación de proxecto alternativo, afastouse da súa base sociolóxica e, o que é peor, rachou as amarras que tiña cunha sociedade civil cada vez máis complexa e madura e, polo tanto, moito máis crítica e esixente. O BNG non é alleo á crise que a esquerda alternativa padece a escala planetaria e é ben certo que os seus dirixentes non son responsables de todos os seus problemas.

Para un psicanalista, que procura na infancia os problemas posteriores de desenvolvemento, a crise da esquerda tería (e por suposto ten) que ver co modelo de esquerda forxado no Programa de Gotha en 1875 para a fusión da socialdemocracia alemá e que foi, posteriormente, exportado a todo o continente e mesmo alén do océano. Pero nin tan sequera ese modelo de esquerda eurocentrista, obreirista, corporativista e industrialista, foi impedimento para que, coa lucidez dos dirixentes bolxeviques e nun acto de heterodoxia, se levara adiante, 42 anos despois, a máis grande e ambiciosa revolución da historia da humanidade.



Botando man da psicoloxía condutista-cognitiva deberíamos atopar os problemas en épocas moito máis recentes. Sen dúbida, é clave o papel que a esquerda e nomeadamente os partidos comunistas xogaron desde a fin da Segunda Guerra Mundial no mundo bipolar Leste-Oeste, onde estiveron máis ocupados en manter o status quo —fose no Leste ou no Oeste, no Norte ou no Sur— que en abrir procesos de renovación política interna e social. O punto álxido desa actuación *conservadora* foi a actitude defensiva coa que acolleu, nos anos setenta, o movemento *setentaoitista* ou hoxe o movemento *altermundista*.

Tampouco hai que ir tan lonxe, pois aínda que moitos dos problemas da esquerda deberían abordarse atendendo a estes precedentes, do que se trata é de resolver os problemas concretos que temos aquí e agora e seguir reflexionando e reparando globalmente nos que ten a esquerda a escala planetaria desde hai tempo e que se revelaron con toda a súa crueza tras a caída do Muro de Berlín.

Os problemas eran reais mais non o foron as solucións. E cales eran eses problemas e que solucións erradas se lles deron?

O primeiro problema era do propio xenoma do BNG. Ao igual que os organismos modificados xeneticamente, basta unha mínima porcentaxe de introdución dun ADN diferente para que nese organismo se produzan mutacións que afectan a toda a súa estrutura. Así, o modelo político e organizativo parecía funcionar pero unha minoría de ADN estaba a corromper o resto.

Cando na Rolda de Rebeldía, parafraseando a Lenin, falei do sectarismo como doenza infantil da esquerda galega e apuntei que o proxecto do BNG contiña na súa orixe corpos estraños que lle impedían relacionarse con naturalidade coa sociedade até o punto de que todas as escisións xurdidas do Bloque actuaban como elementos autodestrutivos e destrutivos dos aliados próximos.

O segundo problema tiña que ver co papel da esquerda á hora de gobernar e construír maiorías. É ben curioso que o líder

do BNG naquel tempo, Xosé Manuel Beiras, fose unhas veces criticado por radical e outras por ser socialdemócrata.

O *sorpasso* situou á esquerda en condicións de exercer á hexemonía e liderar o cambio, pero deuse unha confluencia de intereses para que isto non acontecese. Intereses externos, de sectores monopolistas que non podían aceptar que houbera un goberno progresista encabezado pola esquerda, e intereses internos, sectores puristas máis preocupados por manter unha pose atractiva que en xerar un cambio.

Os voceiros hipercríticos non entendían —nin entenden— que Xosé Manuel Beiras era a un tempo socialdemócrata e radical. De seguro que se lesen a Gramsci entenderían como se constrúe un proxecto hexemónico nacional desde a esquerda ou como —isto é un interpretación libre miña— se edifica un proxecto reformista táctico e estratexicamente revolucionario. É igualmente curioso observar ao longo do tempo como autores coma Engels, Gramsci, Mariátegui ou Lucáks son utilizados coa mesma intensidade por reformistas que por esquerdistas, non entendendo en ningún dos dous casos a complexidade das súas poliédricas obra intelectuais.

O terceiro problema está relacionado coa necesaria dimensión nacional dun proxecto transformador. Efectivamente, o nacionalismo en termos ideolóxicos converteuse, chegado un momento, nunha lousa o suficientemente pesada como para non integrar ás diversas sensibilidades e maneiras de entender o país, pero unha vez máis —grande erro— en lugar de construír un proxecto nacional soberanista desde a esquerda, descafeinou a súa alma nacional cun discurso galeguista —o termo político máis elástico dos moitos que existen neste país e no que teñen cabida desde os pais e nais da patria enterrados en Bonaval até Fraga ou Baltar, pasando pola Condesa de Fenosa e Filgueira Valverde—.

O cuarto problema era (é) de modernización do proxecto. A esquerda galega aínda ten que dar o paso de pobo a cidadanía entendendo que os seus intereses diversos e as súas preocupacións

ecolóxicas, emocionais, afectivo-sexuais, solidarias ou vitais non son reducibles a unha cuestión de salarios ou de condicións materiais de vida, senón que son necesidades humanas diversas que determinan a alienación das persoas, «a insoportable levidade do ser», nunha sociedade post-industrialista e consumista.

O gran reto da esquerda é conxugar a infinita liberdade individual coa máxima igualdade social. Mentres isto non ocorra, teremos un esquerda parlamentaria desorientada e unha esquerda radical fanatizada. Unha pola outra, a casa sen varrer.

Seguimos atentos.



## É posible un ecosocialismo galego<sup>9</sup>

A Loli Mariño  
que nos ensinou o valor da ecoloxía  
nun tempo en que as pequenas cousas  
aínda nos soaban excéntricas

Tiven a ousadía no ano 1997 de publicar un artigo en *El Correo Gallego* onde se mencionaba por vez primeira en Galicia o termo *ecosocialismo*. Aínda faltaban tres anos para que Joel Kovel e Michael Löwy publicaran o *Manifiesto ecosocialista*, pero iso non quere dicir que eu estivera a inventar algo novo pois xa algunhas forzas políticas e sociais de Europa e Latinoamérica comezaran a utilizar esa denominación.

A ousadía debíase máis a que, sendo eu o primeiro en utilizar esa terminoloxía, sabía que ía a atoparme con dúas cuestións que no debate político se dan moito na nosa terra. A primeira é algo que se podería expresar na conceptualización «iso é moi moderno, mais non ten nada que ver con nos». A segunda, ligada á primeira, exprésase en algo así como «Galicia é diferente, esa formulación pode valer para Cataluña ou Euskadi, inseridas máis na Europa».

Esta visión non ten nada que ver co nacionalismo moderno e universalista que encarnou a *Xeración Nós* e está moito mais empatada co discurso nacionalista pechado español expresado no «que inventen ellos» ou «Spain is different».

---

<sup>9</sup> Publicado en *Altermundo-Galicia Hoxe*, marzo de 2011.

Hai un terceiro prexuízo que ten máis que ver co contido que co formal e que amosa o nivel raquíptico no que se move o debate da nosa esquerda nalgúns círculos: «Iso do ecosocialismo en realidade é o socialismo cun verniz verde para captar novos votos e simpatías.» Nada máis lonxe dunha operación cosmética ou dunha táctica electoralista.

En realidade ecosocialismo é unha das múltiples definicións que poderíamos aplicarlle á esquerda da etapa da globalización neoliberal e do perigo do «infarto ecolóxico» do planeta, onde as novas contradicións entre a natureza e o comportamento do ser humano na súa forma capitalista de producir, distribuír e consumir as materias primas e a enerxía pasan a un primeiro plano. Cando Karl Marx di «a natureza é o corpo non orgánico do home» ou Rosa Luxemburg nos advirte sobre a dicotomía Socialismo ou Barbarie, xa estaban alertándonos do perigo que a actuación económica e política tiña para o planeta.

Lamentablemente, esta visión dialéctica e naturalista da esquerda non foi a que se asentou a mediados do século XIX, senón unha visión dogmática e industrialista. Somos herdeiros, para o bo e sobre todo para o malo, da II Internacional e da socialdemocracia alemá constituída arredor do programa de unificación de Ghota e iso marcou durante algo máis dun século unha forma de entender o desenvolvemento económico, as relacións humanas, o sentido da democracia política e tamén a relación da humanidade coa natureza.

Trátase de repensar en clave de futuro a esquerda. E o futuro na actual conxuntura adquire non só un trazo programático senón mesmo existencial: a propia existencia de futuro en si. Trátase de sinalar o novo *suxeito revolucionario*, pero antes temos que sinalar o propio suxeito político e mesmo filosófico.

Para a concepción clásica, e tamén para os ilustrados, o suxeito filosófico era o home —e digo ben o home porque a muller estivo excluída desa concepción até hai ben pouco—. Agora trátase

de concibir o suxeito político-filosófico de xeito máis amplo. Trátase de entender o suxeito ontolóxico na súa máxima amplitude unha vez que nin a alma, nin a intelixencia, nin a cultura son xa liñas delimitadoras. Trátase de entender o suxeito —no sentido filosófico— composto polos «animais humanos» e tamén polos «animais non humanos», entendidos desde unha aposta colectiva de biodiversidade e harmonía.

Sobre o *suxeito revolucionario* que dicir? Toda vez que as grandes diferenzas se amorteceron nunha combinación de melloras sociais e integración no sistema, xa non é a clase obreira en exclusiva a punta de lanza do movemento de cambio antisistémico, tampouco son as mulleres coma se pensou nos anos setenta, nin outros sectores ou colectivos aos que ao longo do século XX se lle foron idealizando características «revolucionarias» a medida que se apagaba a luz do proletariado.

Vivimos na globalización, na etapa final do que xa Lenin apuntara como fase imperialista do capitalismo. Son tempos de control monopolista, de concentración de capitais e de privatización de recursos naturais en mans duns poucos oligopolios. Nese contexto todas aquelas persoas afectadas por un sistema cada máis inxusto e desequilibrado, ou interpeladas pola necesidade dun mundo mellor, somos *suxeitos revolucionarios*.

A nova fase do capitalismo require a construción de novas ferramentas políticas de actuación. Non se trata de pintar de verde á esquerda, hai que construír unha alternativa socialista no económico e sustentable no social e viceversa... e, por suposto, esta ten que ser radicalmente democrática. Esta aposta, que vale para o mundo, tamén ten que valer para o noso país. Así que é posible un ecosocialismo galego, por suposto! Mais, de certo, que se terá que construír fóra das actuais estruturas políticas institucionalizadas.





## Democracia real? Por suposto!<sup>10</sup>

Os actuais movementos de *Democracia Real Ya!* e *No les votes!* parten dunha realidade obvia coma é a desafección dun importante sector da sociedade co actual modelo de democracia baseada na preponderancia dos partidos políticos, convertidos en estruturas alleas ás demandas das súas bases sociais (aínda que non sempre do mesmo xeito xa que a dereita si que responde as demandas da súa base social). Pero ollo!, podemos acabar confundindo os síntomas coa doenza.

O movemento Democracia Real, Ya! levou á rúa a milleiros de persoas en todo o Estado cun discurso máis ou menos homoxéneo no rexeitamento do *que* (na indignación) pero confuso e complexo nas propostas do *para que* (na rebelión).

Co tempo resolveranse varias interrogantes:

1. Manterá a súa liña crítica unha vez que a dereita gañe e leve ás últimas consecuencias o axuste iniciado polo PSOE?
2. Que relación terá coa sociedade civil organizada arredor dos movementos sociais.
3. Que interlocución e prioridade de alianzas manterá cos partidos políticos.

Segundo sexan as respostas a estas interrogantes poderemos saber que futuro lle espera a esta iniciativa ou outras similares.

Afortunadamente a experiencia próxima de Nunca Máis e da rede Galiza Non Se Vende poden servirnos, *mutatis mutandis*, de

---

<sup>10</sup> Publicado no blog *GaliziaEcosocialista* e en *Altermundo*, maio de 2011.

exemplo dos erros que non deben cometer estas iniciativas tan necesarias como difíciles de xestionar. Unha análise seria, lonxe de innecesarias idealizacións, é mais que necesario para avanzar.

Desde logo a mocidade que se organiza a través destes novos instrumentos era a mesma que hai catro anos aspiraba a ser funcionario, tiña un modelo de consumo e de vida irracional e falaba con desgana da súa condición de *mileuristas*.

A xeración da década dos noventa incorporouse á conciencia política mirando ao Sur, á problemática dos parias da terra e aos desequilibrios planetarios. A actual está preocupada polas súas condicións de vida e nin tan sequera sitúan no seu *programa político* a solidariedade coas revolucións democráticas árabes ou a causa palestiniiana (o maior caso de ignominia contemporánea).

Pero volvamos á comparanza con Nunca Máis ou coa rede de Galiza Non Se Vende. Hai dúas formas de que un proxecto tan novidoso fracase e entre en devalo. A primeira é caer na instrumentalización partidaria. Disto xa hai moito escrito e vou aforrar ás lectoras e lectores o traballo de repasar. A segunda é a radicalización e marxinação provocada pola tentación de converterse na «oposición á oposición».

Pódese estar preocupado e comprometido coa defensa do medio e da Terra sen que por iso teña que ir no mesmo lote o rexeitamento á visita do Papa, o apoio aos *okupas* ou á loita polo comunismo libertario; mesmo aínda que algúns, ou mesmo a maioría, estean a favor desas causas tan nobres. Saber discernir o que une e o que arreda é central nas iniciativas cívicas e na vida en xeral. Por outra banda, e isto é o máis importante, a base sociolóxica a quen se dirixen estes movementos é a mesma base que sustenta electoralmente ao BNG ou mesmo ao PSOE, a IU, a ICV, a ERC, a Chunta, a Bildu ou a Aralar.

Son bases electorais críticas que desexan unha reorientación de políticas, estruturas e discursos, que incluso poderían apoiar novas iniciativas se xurdisen, pero que non están dispostas a de-

sertar do seu compromiso mentres que o inimigo central sexa outro. Iniciativas como Democracia Real, Ya! ou Galiza Non Se Vende son máis que necesarias pero teñen que ser compatibles coas estruturas de intermediación que representan, hoxe por hoxe, as forzas políticas. Se é así terán longa vida e serán capaces de influír no cambio de modelo político e económico, se non é así, no mellor dos casos, se tornarán nun instrumento táctico que correrá o risco de ser utilizados conxunturalmente por intereses espurios.

Indignarse é necesario, pero rebelarse é imprescindible.



## Que está a pensar un millón de persoas?<sup>11</sup>

Un millón de persoas, entre as que non me atopo pero que ben podería ser, decidiron achegarse ás urnas a depositar un voto sen papeleta (en branco) ou con comentarios críticos (nulos), seguro que algúns merecedores de ser incluídos nun libro de haikus ou microrelatos.

As forzas políticas da *esquerda*, unha vez máis, e xa van varias, dedícanse agora a culpar a estes «inconscientes» da derrota electoral, enrocándose en lugar de analizar a fondo unha derrota sen paliativos a pesar de contadas excepcións baseadas en situacións moi concretas como o populismo localista de Ábel Caballero en Vigo, do medo á especulación *telmo-urbanística* en Pontevedra ou a honorable xestión de Martiño Noriega en Teo ou de Félix Juncal en Bueu.

Non creo que sexa necesario perder un minuto en argumentar porque nin a Rede Galicia Non Se Vende foi a culpable da caída do bipartito nin o Movemento 15-M o causante da estrepitosa derrota da esquerda nas eleccións municipais. Digo estrepitosa porque é en Galicia unha derrota moito máis fonda e de máis calado que nas eleccións autonómicas de 2009.

Tres elementos así o confirman:

1. É o conxunto da esquerda a que recibe o castigo. Cando a derrota do bipartito parecía que era un dos dous componentes o que perdera o escano decisivo namentres que o

---

<sup>11</sup> Publicado no blog *GaliziaEcosocialista* e en *Altermundo*, maio de 2011.

outro fixera ben os seus deberes. Neste caso, os datos son incuestionables: o PSOE perde 110 concelleiros, tres puntos porcentuais e 67.000 votos; o BNG perde 71 concelleiros, 2,6 puntos porcentuais e 54.000 votos. Pola contra, EU queda igual en número de concelleiros, sube escasamente 0,5 puntos porcentuais e 7.000 votos, sendo, máis alá de concello moi concretos, simplemente inexistente.

2. A derrota esténdese esta vez á Galicia urbana homoxeneizando a vitoria de Feijóo en todo o territorio nacional con baixadas xeneralizadas nas grandes vilas e perdas absolutas en Ferrol, A Coruña, Santiago e Vilagarcía.
3. Moi relevante, trátase dunha corrente de fondo na sociedade galega que non só despraza case todo o poder cara á dereita senón que, sobre todo, deixa un panorama con forzas políticas desorientadas pero atrincheiradas, con escasa capacidade interna de crítica e renovación, e desligada dos novos sectores sociais que se están mobilizando.

Volvendo á pregunta inicial: Que pensa un millón de persoas que criticamente «facilitan» a vitoria da dereita no Estado? Con pormenores non o sei, pero de seguro que non algo moi diferente do que pensaba a rica sociedade civil italiana que despois é gobernada polo neofascista de Berlusconi, ou do igualmente vizoso movemento civil capaz de tumbar á Constitución europea en referendo en Francia pero que, a seguir, elixiu ao *petit* Sarkozy. Pensarán algo así: «Até cando teño que seguir apoiando a estes, mentres vexo como me desilusionan unha e outra vez, que se comportan esteticamente como os outros e que, en situacións que se espera que estean á altura, cruzan a raia e asumen ser os xestores das políticas que obriga o capital monopolista.» Ou matinarán: «Se aproveito unhas municipais para darlles un toque de atención, cando cheguen as xerais ou as autonómicas terán xa iniciado un proceso de renovación que lles permita volver ser politicamente atractivos.» Quizais cavilen: «E que queres que faga?

Os responsables son eles por facer as cousas tan mal e ademais desprézánnos como o faría a dereita, e se os puxemos aí, temos todo o dereito a quitálos.»

Seguramente o Movemento 15-M teña pouco percorrido e se desinfle coa mesma facilidade co que medrou, pero foi unha grande escola de formación política e, de certo, que haberá un antes e un despois que interpelará directamente ás organizacións políticas de esquerda.

Sería desexable que a baixada do PSOE faga mudar a súa política e a opción do aparato (Alfredo P. Rubalcaba) sexa fulminada polos acontecementos. E que a caída, lenta pero constante desde o 2001, do BNG non se pretenda disimular coa vitoria de Lores en Pontevedra.

Que este cambio de ciclo sirva para renovar discursos, ideas e proxectos e non para enrocarse. Aínda que non teño moitas esperanzas xa que, ás veces, dubido que haxa vida intelixente nos cadros de mando deses partidos. De ser para ben, quizais estamos emprazados, entre os sectores da esquerda social e a esquerda política máis sensible ás demandas da cidadanía, a pular por unha plataforma cidadá coa vista posta nas próximas eleccións de carácter xeral e que teña de cabezas de cartel a referentes éticos como Xosé Manuel Beiras ou Manolo Rivas.





## Tres apuntes post-electorais necesarios<sup>12</sup>

Juntáronse los ratones,  
para librarse del gato,  
y después de un largo rato  
de disputas y opiniones,  
Dijeron que acertarían  
en ponerle un cascabel;  
que, andando el gato con él,  
librarse mejor podían.  
Salió un ratón barbicano,  
colilargo, hociquirromo,  
y encrespando el grueso lomo,  
dijo al senado romano,  
después de hablar culto un rato:  
«¿Quién de todos ha de ser  
el que se atreva a poner  
ese cascabel al gato?»

LOPE DE VEGA

### Necesaria reflexión estratéxica

A pretensión de culpabilizar á sociedade civil da derrota por parte do aparato dos partidos de esquerda resulta irrisoria. Os movementos estratéxicos de fondo poden afectar conxunturalmente de xeito negativo pero no longo prazo son necesarios, ademais de xustos. Nese tacticismo conxuntural erraron os que, en 1933, non querían conceder o voto ás mulleres porque beneficiaba electoralmente á dereita.

---

<sup>12</sup> Publicado no blog *GaliziaEcosocialista*, maio de 2011.

Aparentemente tiñan razón xa que a dereita gañou ás eleccións, mais negar un dereito, ou desprestixiar unha razón sen atender as motivacións que a promoven, é a todas luces inmoral desde un punto de vista ético. Ademais de ser un erro pois aqueles que, en función do curtopracismo, semella que tiñan razón non a tiñan. No ano 1936, dous anos despois da estrea do voto feminino, a esquerda volveu gañar e desta vez co apoio das mulleres.

Outra cousa diferente son iniciativas sectarias que non responden a un interese colectivo amplo e que, como no caso de certas candidaturas residuais, o único que consiguen electoralmente é favorecer á dereita. Aínda mesmo así a xente ten dereito a facelo.

Os *staff* do PSOE e BNG que reflexionen sobre a súa desconexión coa sociedade en lugar de buscar cabuxas expiatorias e IU que matine sobre as razóns polas que non recolleu máis que unha ínfima parte dos descontentos coas outras forzas de esquerda en lugar de situar os seus males nunha lei electoral inxusta.

## **A esquerda vence á esquerda?**

Nun artigo publicado en *El País*, o sociólogo Fermín Bouza facía unha análise dos resultados das eleccións municipais no que afirmaba: «Castigar algo (políticas do PSOE neste caso) para lo que no había alternativa real es un acto de irracionalidad. Los votantes de izquierda que se han abstenido en sus diversas modalidades han tenido una conducta electoral muy irracional.»

Tres comentarios necesarios:

1. A esquerda que desertou do BNG ou PSOE non se abstivo, maioritariamente votou branco ou nulo. A abstención como refuxio explicativo non ten forza desde o momento en que elección tras elección a participación non deixa de medrar.
2. Negar a existencia de alternativa («No hay alternativa real») é negar a propia existencia da esquerda. Ao mellor é por iso

mesmo polo que a xente non os vota, porque renunciaron a facer propostas de esquerda.

3. É posible que o electorado de esquerda se comporte —nos comportemos— de forma irracional, mais acaso os dirixentes dos partidos da esquerda non o levan facendo desde hai bastante máis tempo?

### **Hai que poñerlle o cascabel ao gato. Alguén se apunta?**

Desde hai anos a indignación medra entre as persoas de esquerda que, formando ou non parte da súa estrutura asociativa, compoñemos a súa base sociolóxica e electoral. As últimas eleccións demostraron que existe unha corrente de fondo que transversalmente percorre a todas as forzas. Non só se castiga a quen goberna con políticas de dereitas ou de costas á cidadanía, tampouco se apoia, por desconfianza, ás forzas que desde a súa esquerda poderían recoller o descontento xerado.

A dous anos das autonómicas e, se ninguén o remedia, o actual binomio PSOE-BNG non vai ser capaz non só de derrotar á novísima dereita de Feijóo senón que nin tan sequera vai xerar unha alternativa crible para o futuro a medio ou longo prazo.

Faise necesario que as persoas e grupos da esquerda social, que se estruturan de xeito moi variado, xunto coas persoas e colectivos críticos que participan da esquerda política nos xuntemos para promover unha alianza cívica e política ampla que permita reconstruír o espazo da esquerda galega. Hai que seguir promovendo contactos, encontros e diálogos, no concreto, para comezar a vertebrar a esquerda nacional(ista) do século XXI.

Hoxe, afortunadamente, temos ferramentas que facilitan converter a indignación en proceso propositivo. E facer que alguén coordine a comunicación das diversas iniciativas que están xurdindo.

Hai que poñerlle o cascabel ao gato. Só así comprobaremos se, en realidade, cremos no que dicimos ou, simplemente, teñen razóns os aparatos dos partidos para seguir tranquilos.

## O espírito de Kruschev<sup>13</sup>

Pasaron seis meses desde o inicio das revolucións democráticas árabes e algúns aínda están buscando a orixe da conspiración. Un mes despois de que as rúas se ateigasen con xente reclamando democracia real, os departamentos de control dos partidos de esquerda (e tamén por suposto da dereita) aínda non acaban de entender o que está pasando. Tras uns primeiros momentos de confusión, e visto que as campañas de descrédito non facían o efecto desexado, atoparon a solución: deixar que a onda pase e que baixe a marea da indignación. Esta non é unha táctica nova pero é aconsellable que non apostasen todas as súas confianzaas a esa baza porque poden levarse algunha nova sorpresa.

Primeiramente, en clave global, porque vivimos a segunda onda de cambios tras o inicio da globalización e as mudanzas que se están a producir no mundo árabe, a diferenza da primeira onda que se iniciou hai unha década en América Latina, dánse nun contexto de crise sistémica e de fastío que posibilitan que se estenda sen control.

En segundo lugar, en clave interna, porque hai tempo que se percibe que o armazón político-institucional e cultural saído da Transición tocou teito. O peche en falso da fórmula federalizante proposta pola reforma «abortada» do Estatuto de autonomía de Cataluña; a solución do problema da violencia no País Vasco e os resultados electorais de Bildu; a entrada en acción dunha nova

---

<sup>13</sup> Publicado no blog *GaliziaEcosocialista* e en *Altermundo*, xuño de 2011.

xeración nacida en democracia e que non se sinte constreñida polos acordos da Transición ou as novas formas de exercer a cidadanía con instrumentos de mobilización e de expresión como o voto en branco son algúns dos elementos que sinalan un antes e un despois.

Terceira consideración, en clave política, a incapacidade das estruturas partidarias da esquerda para renovar proxectos, estratexias, actitudes ou mensaxes baten cunha sociedade civil cada vez máis madura e autoorganizada que non se conforma con mínimos e que non renuncia a unha profunda renovación democrática.

Cuarta referencia, en clave electoral, o devalo lento, pero continuo, do nacionalismo galego desde hai unha década amosa que, máis alá das oscilacións dun ciclo electoral, asistimos ao final dun xeito de entender o proxecto de Galicia desde a esquerda e que unha nova formulación (ou reformulación) se fai necesaria.

Quinto aspecto, en clave democrática, as novas tecnoloxías e a nova cultura de diálogo permiten que o debate se estea a dar extramuros o cal dificulta o control e o acoutamento das deliberacións críticas e a súa resolución disciplinaria.

As cousas así, a aparición da Iniciativa BenComún xorde da convicción de que non se pode manter por máis tempo o estado actual de inercias e a falta de iniciativa e que, fronte aos que piden silencio, é necesario facer ruído. Quizais non volvamos ter axiña unha nova oportunidade para poder aventar o hábitat onde se poida asentar unha nova esquerda ou para osixenar a terra onde se semente o nacionalismo do século XXI.

Vivimos co espírito de Kruschev presente.

Hai uns anos Beiras emulando ao dirixente soviético golpeou cun zapato nas bancadas do Parlamento converténdose no primeiro indignado. Posteriormente, ao igual que Nikita Kruschev, Beiras foi desprazado polo comisariado político. Agora trátase de que as áreas movedizas da burocracia non afoguen para

sempre a renovación necesaria porque se non se fai agora, igual que ocorreu na vella URSS, cando chegue un Gorbachov, a cousa xa non terá remedio.

Necesitamos un novo zapatazo, individual e colectivo.





## O que fai falta<sup>14</sup>

Cústanos a todas e todos, cidadanía, medios de comunicación, organización sociais e, sobre todo, aos partidos políticos entender o que está ocorrendo. Moitos aínda están preguntándose sobre as razóns da rebelión cívica dos mozos e mozas que se iniciou o 15-M. Algúns seguen buscando aos conspiradores.

Voules dicir a verdade: houbo conspiración. Lévanse reunindo ano tras ano en Dávos, nos cumios do G-8, nas executivas do FMI e do Banco Mundial, nos reservados das reunións da Organización Mundial do Comercio. Conspiran contra a democracia, baleirándoa de contido e decidindo as entidades financeiras e as grandes corporacións a gobernanza do mundo, os destinos de todos e todas. Conspiran contra a humanidade e contra o planeta.

Estamos nunha nova etapa e cómpre afrontala cunha nova mentalidade, caracterizada pola apertura, a xenerosidade e a actitude de indagar, crear e innovar.

Os cidadáns e as cidadás da esquerda política e social, até agora preocupados e a partir de agora ocupados, temos que armar unha *axenda común*: contribuír a renovación profunda e medular da esquerda nacional galega para que existan alternativas ao actual dominio da dereita política e o que é máis importante para que existan alternativas no campo do debate cultural.

Estamos diante dunha grande oportunidade: os muros caeron, hoxe non é posible pechar os debates nas forzas políticas in-

---

<sup>14</sup> Publicado no blog *GaliziaEcosocialista* e en *Altermundo*, xuño de 2011.

tramuros, que os partidos teñen que entender que non son un club privado e que deben dar conta aos que están extramuros e os interpelan se non queren seguir illándose máis e máis

A nosa rebeldía cívica non é contra os partidos. Nin contra o PSdeG, nin contra o BNG, nin contra EU ou calquera outro partido existente. Nin tan sequera contra ese novo partido que din que se vai crear. A nosa rebeldía vai contra o escurantismo e a falla de transparencia, contra o dogmatismo e a burocracia, contra a privacidade do debate e contra a corrupción política e moral.

Non é un problema unicamente programático é metodolóxico e medular. Necesitamos practicar un transplante de medula que afecte ao ADN dos actuais partidos como interfaces de representatividade. Necesitase un manual de estilo democrático que permita reconstruír novas relacións coa cidadanía. Necesítanse novos programas que respondan ás novas preocupacións da xente.

Antes, a esquerda e o nacionalismo, a esquerda nacional, fixo pivotar o seu programa sobre os dereitos sociais e nacionais e debe seguir facéndoo, mais debe incorporar con forza novas demandas: a da radicalidade democrática, a medioambiental nun país mil veces agredido, as necesidades afectivo-emocionais das persoas, a cultura da paz e do diálogo...

Hai dúas formas de encarar esta onda de indignación e rebeldía cívica. Unha é agardar calados a que baixe a marea e todo volva á normalidade, atendendo a unha sorte de pacto de silencio —grande erro porque hai un antes e un despois e sería o suicidio da esquerda e do nacionalismo— e a outra é a da axitación e a do voz rotunda e transparente no debate público iniciado. Esta debe ser a aposta, hai que desbloquear, desentalarse e crear condicións para o diálogo e novas converxencias.

O país á esquerda ten moitas potencialidades secuestradas desde hai tempo que cómpre liberar se queremos construír unha nación moderna. Son dos que pensa que aínda estamos na etapa da diagnose e, polo tanto, non é o momento procesual de for-

mular as propostas. Simplemente se os aparatos dos partidos da esquerda aceptaran que existe un problema en lugar de instalarse na autosatisfacción xa teríamos avanzado algo. En todo caso, para aqueles que buscan respostas, eu, que xa confeso que non as teño, vou facer un listado do que me gusta —como cando pinchas no muro de Facebook— e do que non me gusta. Quizais poida servir para crear un novo dicionario terminolóxico da esquerda galega do século XXI ou cando menos para partillar *tags*.

Gústame:

- O neogaleguismo cívico.
- O ecosocialismo (sector neocomunista).
- Os escritos de Karl Marx e Friedrich Engels, de Lenin e Gramsci.
- A filosofía da praxe e o empirismo dialéctico.
- O radicalismo cívico e a (r)evolución.
- *Hai que botalos* unha vez máis.
- A democracia real e o amor libre.
- O patrimonio inmaterial da humanidade.
- As organizacións con paredes de cristal.
- Os axitadores de masas e as activistas da esperanza.
- Os optimistas da vontade.
- A intelixencia e o pensamento autónomo.
- A retranca e a risa.
- Os *Grundrisse*, a transversalidade e as labregas.
- A intersuxeitividade animal e a harmonía coa natureza.
- As mulleres decididas buscando a súa cadeira.
- O altermundismo e a solidariedade.
- A politización do cotiá e o consumo responsable.
- O comercio xusto e a soberanía alimentaria.
- As finanzas éticas e o cooperativismo.
- A sensibilidade e a empatía.

Non me gusta:

- O nacionalismo populista.

- O paleocomunismo e a socialdemocracia clásica.
- O marxismo [guión] leninismo.
- O pragmatismo curtopracista e o principismo estéril.
- O fanatismo ideolóxico e a liturxia.
- A *novísima* dereita e a vella esquerda.
- A ditadura do partido e a intolerancia.
- Os catecismos e os prospectos.
- Os clubs privados.
- Os comisarios políticos e os profesionais da desilusión.
- Os resentidos e os que alimentan o resentimento.
- O dogmatismo e a imbecilidade orgánica.
- O cinismo e o descreimento.
- O Programa de Ghota, o obreirismo e o corporativismo.
- O industrialismo e o desenvolventismo.
- A Real Academia Galega.
- Os localismos e os guetos.
- O consumismo e Carrefour.
- A Organización Mundial do Comercio e os tratados de libre comercio.
- A Nova Caixa Galega Banco.
- A ollada turbia e a corrupción moral.

## Os abaixo asinantes<sup>15</sup>

Como ben sendo habitual, tras unhas eleccións onde a derrota da esquerda é máis que evidente, pónense en marcha manifestos de *abaixo asinantes* que, no mellor dos casos, fan unha diagnose clara sobre o que acontece ou advirten dos perigos, varios e múltiples, que nos asexan aos cidadáns e ás cidadás no caso de que o rumbo non se endereite por parte dos patróns ao mando das embarcacións da esquerda *oficial*. Tamén adoita ocorrer que, co tempo, as augas volven á normalidade e os aparatos dos partidos fanse co mando até un novo naufraxio, agardando que o seguinte non sexa o último.

Eu mesmo veño de asinar, xunto con outro grupo de cidadáns e cidadás do que podemos chamar *esquerda sufridora*, un novo chamamento avalando unha nova iniciativa. BenComún, así se chama, nace en medio dun naufraxio particular, pois o vendaval esta vez non vén provocado pola dereita senón por unha cidadanía disposta a que esta situación non sexa unha máis. E así debe ser, pois de seguro que esta pode ser a última oportunidade para cambiar o rumbo e amosariamos moita miopía se nos deixásemos enfeitizar polos cantos de serea que saen dos aparatos e dos aparatiños.

De certo que haberá un antes e un despois do 15-M, xa o hai, o que queda por ver e se haberá un antes ou un despois na esquerda, ou dito de xeito máis directo e interpelando aos meus com-

---

<sup>15</sup> Publicado no blog *GaliziaEcosocialista*, xuño de 2011.

pañeiros e compañeiras de travesía, se desta vez somos quen de poñer marcha unha iniciativa política, con misión, obxectivos e accións que teñan incidencia na sociedade e, polo tanto, influencia nos diversos *staff*, ou se, pola contra, somos simplemente un novo berro na néboa advertindo dos perigos que nos ameazan.

Dous serían os erros máis importantes que poderíamos cometer, dando por sentado que non queremos ser só portadores de malas novas senón tamén construtores do futuro.

O primeiro é pensar que a dereita non pode gobernar ou que se o fai é un desastre para a democracia. Esta idea nega a posibilidade mesma da democracia, pois invalidaría a posibilidade de que os *outs*, os que non son *os nosos*, gobernen e, en consecuencia, re-truca que poida existir alternancia partidaria nas institucións. Por outra banda, tal como se di no *Decálogo de BenComún*: «O medo á dereita non é ningunha proposta, as forzas políticas deberán pensarse alén de instrumentos para gañar eleccións como ferramentas de cambio social. Non somos alternancia, somos alternativa.» O medo á dereita é unha coartada para que os que gobernan, desde instrumentos catalogados como de esquerdas, reciban un cheque en branco para facer precisamente políticas de dereitas con luva de seda.

O segundo é pensar que a esquerda se renova cun *lifting*, aínda mesmo que sexa integral, pois se non abordamos a fondo os problemas da hexemonía social e cultural non seremos quen de reconstruír, en consecuencia, estratexias de cambio máis alá das citas electorais e pensando unicamente nelas.

Esa visión de reconstrución dos instrumentos e non das estratexias, ademais de ser un erro de cálculo mesmo en termos electorais, abona non só á hexemonía da dereita senón o que é peor: a mesma existencia de dereitas totalitarias e hiperliberais como as que nos toca padecer.

Un xiro estratéxico da esquerda, demandado desde a cidadanía, non só lle permitiría recuperar espazos de hexemonía perdidos

desde hai décadas, tamén posibilitaría crecementos electorais ou, no peor dos casos, a existencia de dereitas máis democráticas e máis civilizatorias demandadas polo seus propios indignados.

Agora ben, a construción de políticas de esquerda non é tarefa fácil toda vez que a maioría das esquerdas *oficiais* teñen renunciado a elas en Europa desde finais da Segunda Guerra Mundial, nun caso como a socialdemocracia, construíndo un Estado de benestar fortificado fronte aos países do Sur, noutro como o comunismo, limitándose a exercer de predicadores dun Paraíso.

Agora, caído o Muro de Berlín e na primeira crise sistémica da globalización, non podemos volver aos absurdos e paralizantes debates de «reforma versus revolución» «liberdade versus igualdade»... Querémolo todo e querémolo xa, sabendo que para iso imos ter que pelexar pola parte e aos tempos. Se estamos nunha nova etapa, necesitamos debuxar novas estratexias. A lóxica traerá os novos instrumentos.

Co aniversario da aprobación do Estatuto do 36 vén de pechase *Galicia Hoxe*, o único xornal en lingua galega. A nova desalentadora é, sen dúbida, unha máis nun longo camiño de derrotas desde hai dous anos, pero tamén pode ser o anuncio da necesidade de novos instrumentos, tamén no xornalístico, que non nacerán agás que abrollen novas estratexias. Se isto ocorre, entón non será unha derrota máis, senón unha nova preocupación para Feijóo e o que el representa.

O nacionalismo dos anos trinta foi vangardista en tanto que centrou a súa estratexia nas novas reivindicacións nacionais. O nacionalismo do posfranquismo foi quen de facer pivotar sobre as cuestións sociais o seu discurso sen ter renunciado ao discurso identitario dándolle un novo contido. O neogaleguismo terá que incorporar as reivindicacións nacionais e sociais nun conxunto de novos dereitos democráticos, ambientais e emocionais das persoas, se quere volver recuperar espazos sociais e tamén electorais nesta nova etapa. Só así terán sentido *os abaixo asinantes*.





## O bipartidismo morreu, viva o bipartidismo!<sup>16</sup>

O bipartidismo é algo máis cunha representación deformada da vontade popular que se expresa na preponderancia da bipolaridade en detrimento da pluralidade existente. É unha cultura política, unha forma de entender o debate social, un modelo democrático anoréxico. Forma parte do modelo dualista no que se move o pensamento occidental desde hai séculos.

Pero non nos (auto)enganemos. O bipartidismo existe porque vivimos nunha cultura da bipolaridade, do branco e o negro, onde as tonalidades e a análise dos matices desaparecen; onde pensar é unha actuación de librepensadores perigosos e a maioría dos intelectuais son *orgánicos*, indistintamente do órgano en cuestión. Unha cultura política na que a percepción do que é diferente se converte en disidencia. A *cultura da trincheira* que hai anos explicaba con moita retranca o amigo Manolo Sánchez *Crisanto*, hoxe irremplazable en Sada e en Galicia.

Ademais disto, que xa é complicado de superar, o bipartidismo necesita de dúas premisas fundamentais. Unha, moitas veces criticada, é unha lexislación electoral que prima ás forzas maioritarias en detrimento das minoritarias producindo unha deformación da representatividade en canto «unha persoa, un voto».

A outra, e esa é a máis necesaria a combater, é a atomización e a grupusculización dos *diferentes*. Moitas veces se fala da lei D'Hont e da circunscrición provincial como mecanismo de

---

<sup>16</sup> Publicado no blog *GaliziaEcosocialista*, agosto de 2011.

deformación da vontade popular. E sendo certas, esas mesmas circunstancias non impediron nin que o PCE-PSUC chegase a ter 21 deputados (hoxe dous) nas primeiras eleccións, tras as Constituíntes, nin que o CDS, na década dos oitenta, chegase a sumar 19 deputados. Por que, ademais de criticar o bipartidismo, as forzas da esquerda non vertebran unha alternativa ao PP e ao PSOE que poida competir no terreo electoral coa forza suficiente para disputarlles parte da súa actual hexemonía política?

Hoxe, por exemplo, se as forzas da esquerda alternativa e nacionalista concorreran xuntos ás eleccións habería os suficientes escanos para impedir a actual reforma constitucional por vía de urxencia, sen falar dos efectos de ventilación interna que iso suporía para institucións que levan varias décadas sen actualizar discursos e análises.

Nunca me explico a necesidade que teñen diferentes forzas e espazos políticos de convivir nunha mesma *casa común* diaria, chámese IU ou BNG. Esta xente non sabe que existe divorcio e que o mesmo é bo para casos de convivencia insoportable? Porque estas forzas políticas non se desenvolven no día a día por separado, sen o desgaste innecesario que a convivencia conleva, e soamente se poñen de acordo, igual que as parellas divorciadas, sobre o futuro dos seus fillos e fillas (neste caso de todos e todas). Porque non desenvolven o seu traballo diario de forma autónoma e planean a concorrencia ás eleccións conxuntamente e cun programa mínimo de cambio.

Porque o PCE e Izquierda Abierta non se van cada un polo seu lado, e o mesmo fan Máis Galiza, Encontro Irmandiño e a UPG e só se xuntan esas, e máis, forzas para as convocatorias electorais. Aforrarían enerxías que gastan en batallas internas que poderían dedicar a combater as políticas que din rexeitar e os seus membros aforrarían moito en psicanalistas.

A Iniciativa BenComún propuxo unha candidatura cidadá unitaria da esquerda para o Senado. A lóxica desta iniciativa par-

te desa mesma idea pero máis alá, neste caso non só combater o modelo bipartidista senón o monopartidismo que se configura en Galicia arredor do Partido Popular.

A proposta significaría poñer os intereses galegos por riba dos partidarios nunha cámara de representación territorial e ademais obrigaría ao PSdeG a deixar de ser un club de cargos públicos con intereses particulares e tornar nun partido con proxecto nacional, unha das carencias claves na política galega desde a Transición.

A cuestión é que os aparatos están máis preocupados polo seu espazo de poder que por atender as necesidades do país e da cidadanía. A proposta de BenComún só tivo o respaldo intelixente da Mocidade Nacionalista Galega (MNG) e, por suposto, o rexeitamento frontal da UPG por medio do portavoz do BNG e dos seus aliados. O chamamento unitario formulado hai uns días por Gaspar Llamazares para unha coalición electoral entre IU-BNG-ERCA encontrou o desplante inmediato entre a cúpula dirixente de IU. Soamente parece que ten posibilidade de chegar a bo porto a iniciativa plural ecoloxista e de esquerda impulsada por ICV, Equo, Compromis e Esquerza Verde (parece que lamentablemente unha vez máis na nosa historia sen 'contraparte' en Galicia).

Podemos asistir ao paradoxo de que, cando o bipartidismo está máis cuestionado, as forzas que o representan sumen, tras as eleccións do 20-N, máis deputados e deputadas que nunca como consecuencia da miopía das cúpulas dirixentes dos partidos da esquerda alternativa. Afortunadamente, e a pesar dos dirixentes da esquerda partidaria, o bipartidismo está ferido de morte des que a cidadanía saíu á rúa arredor do movemento 15-M. Mesmo pode ser que a modificación da Constitución, que entrará en vigor *de facto* a partir do 2020, non chegue a ter efectos prácticos porque o modelo da transición faga augas e leve por diante o bipartidismo e tamén, de paso, os actuais partidos da oposición.

Así que o bipartidismo morreu, viva o bipartidismo!



## Co fácil que sería se deixasen de controlar<sup>17</sup>

Que as árbores non nos impidan  
ver o bosque

Estou convencido que o 2011 será interpretado historicamente, ao igual que o foi 1848, como un período de revolucións e movementos democráticos a escala rexional (mediterránea), desde Tel Aviv e Rabat, desde Atenas a Lisboa.

Cando todo parecía indicar que o movemento 15-M ía ter o seu máximo inimigo nos *mass media* ao servizo do statu quo e xa comezaba a campaña de desprestixio previa á campaña de represión e ao posterior pasamento, xurdiu a «esquerda de toda a vida», os intelectuais orgánicos e os liberados sindicais, para poñer as cousas no seu sitio.

Cóntase que coincidindo coas mobilizacións masivas contra o Pacto do Euro, que en toda Europa convocaron as centrais sindicais e aquí o movemento de indignados, o actual secretario de CCOO, Ignacio Fernández Tojo, comentou no seu entorno a necesidade de desactivar ao movemento 15-M porque puña en cuestión a hexemonía e a estratexia sindical. Algo parecido debeu pensar en Galicia o noso par de humoristas máis famosos: Vázquez & Vázquez.

Por suposto que non todos os partidos son iguais e por iso un dos labores claves da esquerda é volver reconstruír as pontes entre a sociedade civil e os seus representantes. Mais quen tirou

<sup>17</sup> Publicado no blog *GaliziaEcosocialista*, setembro de 2011.

as pontes foron os partidos e non a cidadanía, a esta última como moito pódesele achacar no peor dos casos erros tácticos.

As forzas políticas deberían facer o que os cristiáns chaman *sacramento da penitencia* ou tamén, moi adecuadamente neste caso que nos ocupa, *sacramento da reconciliación*. Pero para iso obviamente teñen cinco pasos a seguir: exame de conciencia (chamado na esquerda crítica e autocrítica); dor dos pecados; propósito da emenda; dicir os pecados ao confesor (ou sexa desculpas públicas); e, por último, cumprir a penitencia.

Dáme que a maioría dos partidos non fixeron, nin van facer, os catro primeiros e van pasar por imperativo cidadán directamente ao quinto. En democracia iso chamase derrota nas urnas e esa é a penitencia que a esquerda vai ter, lamentablemente para todos e todas se ninguén non o remedia, o próximo 20-N.

O futuro do 15-M está por ver, e ao mellor morre de éxito ou de indisposición por causa dalgúns *gurús* ou dalgunhas correntes infantís, pero precisamente a súa *desorganización* é o seu maior activo, xa que lle vai permitir non naufragar nas augas da desvergoña política ao dificultar a súa instrumentalización.

Os conceptos cos que traballan as forzas políticas e as centrais sindicais son do século XX, por non dicir do século XIX que sería máis adecuado, e o século XXI estáselles a facer moi costa arriba e iso que tan só acaba de comezar.

Os partidos da esquerda sofren un ataque de corporativismo impropio deles. Non entenden o que está ocorrendo e irán de vitoria en vitoria até a derrota final. E non o digo só polo PSOE ou o BNG, vai por todos, porque todos están contaminados polo mesmo *estupidismo*. Parece como se as antigas escolas de formación socialdemócratas, en Bonn, ou as comunistas, en Moscova, fosen substituídas por escolas de «imbecilidade humana» que diría Celso Emilio Ferreiro.

Se fosen un pouco intelixentes (pois *listillos* son e moito) estarían menos preocupados pola imaxe e máis por mellorar a

vida dos seus concidadáns. E estarían satisfeitos porque as súas propostas programáticas fosen recollidas polo movemento 15-M. Pero todo o contrario, moléstalles que a xente faga súas propostas que eles abandonaron na práctica hai tempo porque non eran politicamente correctas.

Quéixanse agora de que a *xente indignada* non lles faga reverencias. Que fagan por que llo miren: o PSOE por pasarse á dereita; o BNG polo mesmo e máis; IU polo seu sectarismo; os grupúsculos do esquerdismo independentista por querer construír un *gulag*; e todos por vivir de costas á realidade.

Gañara a dereita e fará unha desfeita do Estado de benestar material e do estado moral inmaterial e quedarán todos satisfeitos porque terán unha nova ocasión para manifestarse e demostrar que aínda son os amos da mobilización. Iso si, botarán a culpa aos mozos e mozas do 15-M de que a dereita gañase do mesmo xeito que, en 1933, botaron a culpa da vitoria da CEDA ás mulleres. Mais os únicos responsables da vitoria da dereita serán eles e por iso eu os maldigo.





## Do bipartidismo asimétrico ao monopartidismo imperfecto<sup>18</sup>

Eran moitas as interrogantes das eleccións do 20-N. A menor de todas era quen ía gañar as eleccións xa que isto estaba claro desde hai bastantes meses. As dúbidas estaban focalizadas fundamentalmente en como as esquerdas ían repositionarse diante da nova etapa política e, sobre todo, se o movemento 15-M podería condicionar o voto no espazo da esquerda.

O resultado das pasadas eleccións xerais ten unha lectura maior e outras menores. A maior é evidente: fortalécese a hexemonía política e social da dereita. Unha tendencia que, se ben tivo a súa paréntese durante os gobernos de Zapatero, se trata dun proceso estrutural que se vén producindo desde os anos oitenta do pasado século en sintonía co dominio planetario dos *neoon*, tras as vitorias do gobernos neoliberais de Ronald Reagan e Margaret Thatcher que marcaron tendencia e fixeron evidente a crise da socialdemocracia, que non foi quen de definir un modelo global, unha vez fracasada a alternativa soviética.

Sobre as lecturas menores —aínda que moi importantes— haberá que ver como encara o futuro a esquerda toda vez que ao PSOE lle queda por diante unha delongada etapa de crise que non se resolverá só cun cambio de liderado senón que precisa dunha revisión en profundidade das súas políticas.

No marco da esquerda o *gran* triunfador é IU, malia que pode tratarse dun espellismo ou dun fráxil cambio de tendencia que po-

<sup>18</sup> Publicado no blog *GaliziaEcosocialista*, novembro de 2011.

derá derramarse dependendo de como se xestione o resultado. Non debemos esquecer que unha boa parte do resultado de IU é debidos á caída do PSOE e que, nin tan sequera nestas circunstancias, o saldo electoral está próximo ao acadado polo PCE na Transición ou por IU tras a deleiba do felipismo.

Ben é certo que a dirección de IU atendeu ás eleccións cunha formulación inédita nesa formación dando cabida ás demandas do 15-M e abríndose a partidos ou sectores internos máis avanzados como ICV, Chunta ou a IU Abierta de Gaspar Llamazares, pero haberá que ver se isto é froito dunha manobra táctica ou se se afianza esta tendencia e se vencen as resistencias do aparato. En todo caso, será curioso observar, por vez primeira, un grupo parlamentario plural onde coexisten varios partidos —catro se ao final Compromis se incorpora ao mesmo— e varias correntes internas de IU.

Unha mención especial merece a esquerda verde ou ecosocialista. A aposta de Equo non recibiu o apoio esperado e non acadou representante na circunscrición de Madrid. Con todo, ao seu favor xogan varios elementos: primeiro, o propio espazo político, o ecosocialismo, apúntase como a esquerda do século XXI en todo o planeta e as forzas da esquerda nova van gañando posicións en Europa; de feito, até tres partidos desta nova esquerda estarán no Congreso saído das eleccións —ICV, Chunta e Compromis—. Por outra banda, os 370.000 votos obtidos por Equo (deixando fóra os votos de ICV) expresan unha corrente de simpatía moi alta tendo en conta ademais que as posibilidades electorais fóra de Valencia e Madrid eran nulas.

Mención especial merecen os resultados en Euskadi onde Amaiur se converte na primeira forza en número de deputados disputándolle a hexemonía ao PNV. De como xestione Amaiur ese caudal de votos e a súa aposta pola paz e o recoñecemento nacional, saberemos se, no futuro, o *lehendakari* se seguirá a chamar Iñigo Urkullu ou Arnaldo Otegui.

En Galicia a hexemonía da dereita faise máis abafante que no resto do Estado, engordada desta volta pola caída do PSdeG e BNG. O aumento de votos brancos e nulos —máis de 50.000—, o crecemento de EU —en máis de 40.000 votos—, ou os 10.000 votos dunha formación, máis virtual que real, como Equo, amosan un descontento en amplo sectores da esquerda, sobre todo tendo en conta que se sabía que eses sufraxios, en termos prácticos, non terían plasmación institucional.

Se os resultados de IU son relativamente bos, o 20-N sinálalle ao BNG unha caída lenta e inexorable. A pesar deste devalo, que se conta en miles de votantes, consérvanse os dous deputados e este minguado logro contribuirá a impedir a renovación interna e creará unhas condicións ideais para que a UPG renove a súa hexemonía na Asemblea Nacional de xaneiro de 2012.

As declaracións de Xosé Manuel Beiras alertando, como está facendo desde hai tempo, sobre un problema serio de desconexión do BNG coa cidadanía, adquiren maior relevancia xa que, por vez primeira, se albisca que, malia o frío exterior, o Encontro Irmandiño parece disposto a marchar do Bloque se non se produce unha efectiva refundación da fronte nacionalista.

Non obstante, erraríamos se a construción das novas estruturas plurais só se conformase cos interfaces xa existentes e non tivese en conta as novas referencias ideolóxicas (ecoloxismo político) e os novos xeitos de entender a política (radicalidade democrática do 15-M). Nese senso, sen ser definatorios os 10.000 votos de Equo contrastan cos pouco máis de 1.000 de Convergencia XXI e apuntan que existe unha corrente de fondo que se sitúa máis próxima ao ecosocialismo que ao liberalismo para practicar unha solución de futuro diante da encrucillada do nacionalismo.

Ademais cómpre reparar en que as dúas únicas forzas da esquerda e/ou nacionalistas que retroceden son ERC e o Bloque. Ambas as dúas organizacións quedan sen senadores nunhas eleccións nas que a desafección coa política se disparou cun número de votos

nulos e brancos que superaron os dous millóns (case un 10% do total de votos emitidos).

ERC desmarcouse da Entesa ao Senado e quedou sen representantes a diferenza do PSC que obtivo cinco e ICV que acadou dous, grazas a que mantiveron a alianza nacional. O BNG desestimou a proposta unitaria feita por BenComún e perdeu a representación que tiña por designación autonómica na Cámara Alta. Ademais, grazas ao acordo entre PSC-ICV, Catalunya é a única comunidade onde o PP non ten senadores. Un dato significativo a ter en conta.

O 20-N non venceu a pluralidade nin se derrotou o bipartidismo. Pasamos dun bipartidismo asimétrico a un monopartidismo imperfecto. Lamentablemente esta *imperfección* é debida á esquerda española e a Cataluña e Euskadi, mentres Galicia e a esquerda galega seguen ausentes como axentes políticos relevantes.

Trátase agora de abrir un proceso de converxencia das correntes da esquerda nacional pero, paralelamente a isto, hai que iniciar un proceso aberto a persoas e colectivos para construír o proxecto galeguista do século XXI: o *ecogaleguismo*, xa que con vellas ideas e máis vellos instrumentos o único que está garantido é a hexemonía da dereita durante moito tempo.

## Good bye, Fraga!<sup>19</sup>

O fraguismo só se dismantelará en Galicia cando se deconstrúan un a un todos os mecanismos, estruturas e ferramentas creadas nesa etapa da nosa historia. Tanto se estiveron ao servizo de Manuel Fraga como se foron contrarias ao caudillo de Vilalba, forman parte dun modelo político-institucional trastempado que, lamentablemente, aínda segue vixente.

A Galicia de hoxe é froito de múltiples factores antropolóxicos, económicos, sociais, culturais e políticos que, de xeito transversal, nos converteron en algo diferente. A Galicia político-institucional actual, pola contra, é froito do dominio dun *conductor*, don Manuel, que perseguía dous obxectivos complementarios: construír un modelo político limitado e reducionista seguindo a súa teoría da maioría natural e o sistema bipartidista británico; e, de paso, construír un neo-rexionalismo que destruíría a nación na que, ás veces, Galicia parece querer converterse.

Moito se falou xa sobre as razóns da teima de Fraga coa barreira do 5% do sufraxios emitidos nas eleccións autonómicas: se quería impedir que abrollasen futuros cismas na dereita galega, ou se era para destruír a esquerda galega moderna e impedir a emerxencia dunha hexemonía alternativa.

Fraga chegou a Galicia precedido pola fama de estadista e coa convicción de que lle era imprescindible unha cobertura galeguista se quería liderar unha maioría conservadora que, aínda

---

<sup>19</sup> Publicado en *Galicia Confidencial*, xaneiro de 2012.

que hoxe pareza increíble, estivera dividida e duramente enfrontada nos primeiros anos da Transición.

Até mediados da década dos anos noventa, o PPdeG, coa entente Cuíña-Cacharro-Victorino Núñez e titorados por Manuel Fraga, tratou de culminar o proceso de galeguización que xa, noutros tempos, intentara Xosé Luís Barreiro Rivas a quen non lle faltou a oposición do feudo máis tradicional da dereita de Galicia encabezado por Romay Beccaría.

Fraga iniciou unha serie de políticas destinadas a reforzar esa imaxe rexionalista, aprobando políticas de «galeguización limitada» no lingüístico e no cultural. Os seus conselleiros estrelas foron Xosé Cuiña, encargado de vertebrar e modernizar Galicia e «superar o seu illamento secular», e Jesús Pérez Varela, técnico de *agit-prop*, auténtico animador dos seráns estivais, impulsor do Xacobeo e promotor dun *lobby* de folclóricos que, con teimosía, nos recordaban que Galicia era diferente. Daqueles anos é o boom de *Luar* que se tornou na imaxe da Galicia cultural do fraguismo.

Esa primeira etapa galeguista-rexionalista deu paso, tras a defenestración do eterno *delfín*, Xosé Cuiña, a unha nova dereita onde o factor galeguista pasou a ser un compoñente máis, e moi marxinal, dun gran tramado hexemónico. Alguén podería crer que dado o desprezo co que o Partido Popular de Feijóo trata a Galicia, a etapa de Fraga é para ser botada de menos. Nada máis impreciso.

A Galicia política de hoxe está construída a imaxe e semellanza do pensamento e a acción política de don Manuel Fraga. A anorexia política existente foi conscientemente deseñada desde os laboratorios de ideas da dereita en San Caetano e no polígono de Sabón. Unha anorexia promovida non só para liquidar a dereita galeguista ou a esquerda innovadora, senón fundamentalmente para poñer de xeonllos ao país e deixalo sen alternativa por moitos anos.

O reduccionismo institucional, deseñado na Administración Única e cuxa máxima expresión é a última remodelación de go-

berno da Xunta de Galicia, non tiña como obxectivo mellorar a eficacia do goberno e a eficiencia da Administración pública, pretendía unicamente situar a Galicia lonxe das realidades políticas das comunidades nacionais catalá e vasca e incorporala ao espazo uniforme dunha España rexionalizada.

As posibilidades de construír unha dereita nacional evitounas Fraga desmantelando, un por un, os sectores estratéxicos da nosa economía, a maioría das veces coa complicidade do Goberno central e coa escusa das políticas modernizadoras esixidas polo Mercado Común Europeo. O esperpéntico periplo da transformación de varias caixas de aforro nunca entidade bancaria en ruína é a guinda deste delirante e suicida proceso de liquidación das capacidades económicas do noso país.

As posibilidades de crear unha esquerda nacional hexemónica liquidounas por medio dun dobre xogo: favorecer o españolismo vazquista no PSdeG e fomentar a vertebración do nacionalismo dominada por un partido «marxista-leninista» (prego non confundir co pensamento de Lenin e moito menos co de Marx!).

O fraguismo tivo en Galicia consecuencias moi perniciosas, pero quizais a maior delas foi a construción dunha sociedade clientelar regada por subvencións que aniquilou unha necesaria burguesía produtiva que levantase a nosa economía e vertebrase a nosa identidade nacional. O clientelismo abrandou a sociedade civil para que non puidese cohesionar a defensa dos valores materiais —sanidade, ensino, políticas sociais, recursos naturais...— nin inmateriais do ben común —cultura, lingua, felicidade, cooperación...—. Por iso, fronte aos falsos reflexos que o paso do tempo poida ter sobre nós, sen animadversión ningunha, só se me ocorre dicir Good bye, Fraga!, desexando que con el marche toda a súa negra herdanza e lamentando que Isaac Díaz Pardo non o sobrevivise.





## Regreso ao futuro<sup>20</sup>

O camiño que se pode andar,  
non é o verdadeiro camiño.

LAO TSE, *Libro do Tao*

A raíz dos últimos acontecementos nos que Galicia está inmersa poderíamos afirmar que ao noso país parece que o mirou un torto. Mesmo poderíamos aplicar dúas frases feitas para a ocasión: «Non hai peor cego que o que non quere ver» e «no país dos cegos o vesgo é o rei». Con ser certas en parte estas sentenzas, non deberíamos deixarnos arrastrar por unha realidade adversa ou pola melancolía. Fraga liquidou as posibilidades de construír unha esquerda nacional hexemónica por medio dun duplo xogo: favorecer o localismo de corte españolista do vazquismo no PSdeG e fomentar unha vertebración nacionalista dominada por un partido fundamentalista. Con esa combinación a dereita sabe que terá ocupada a Xunta de Galicia a maior parte do tempo e só cando se dean unha condicións extraordinarias, coma as que se produciron a mediados da década pasada axudados por unha situación de emerxencia coma a creada polo naufraxio do *Prestige*, poden ceder temporalmente o seu domino.

---

<sup>20</sup> Publicado en *Praza Pública*, xaneiro de 2012.

## **Parece que o fraguismo se resiste a morrer!**

Así foi e así parece que vai seguir sendo se temos en conta os resultados, por outra parte xa esperados, da última asemblea do BNG.

No PSdeG as cousas non pintan mellor. Ou un cambio radical no PSOE produce un efecto dominó ou a ausencia de proxecto nacional dos socialistas galegos impedirá que reciba o apoio maioritario da cidadanía.

Xa hai tres anos nun artigo titulado «Non hai partido» explicaba os motivos polos que pensaba que a batalla por renovar e actualizar a esquerda nacional dentro do BNG non tiña posibilidade. Fundamentalmente, esa imposibilidade sustentábase en que a base renovadora do BNG xa non estaba dentro senón fóra da fronte nacionalista. Aínda así, a batalla pola renovación e converxencia da esquerda nacional ten e debe darse en distintos frontes á vez e, malia que con toda seguridade, a alternativa habería que construíla fóra, só cabe agradecer a xenerosidade, a valentía e a achega ética coa que estivo actuando Xosé Manuel Beiras.

Agora ben, toda vez que o BNG abandonou o bloque (no sentido de construción hexemónica), correspóndelle agora ao bloque (histórico) abandonar o BNG (siglas) aínda que sexa con 10 anos de atraso.

Que podemos facer as cidadás e os cidadáns para salvagardar o ben común, en primeira instancia, e para construír a alternativa, en segunda, diante dun BNG disposto a escusarse como alternativa e a un PSdeG que renunciou hai tempo a defender ao país?

## **Construír a alternativa sobre novos parámetros**

Tras a caída do Muro de Berlín e despois da fin de etapa dos partidos comunistas, non era máis que unha cuestión de tempo

que asistíramos tamén á fin de etapa dos partidos socialdemócratas tal como os coñecemos no presente.

A esquerda ten que refundarse baixo unhas novas claves de transversalidade e abordando as novas contradicións, fundamentalmente as ecolóxicas. O ecosocialismo acaba de darlle o *sorpasso* á socialdemocracia clásica en Finlandia e é probable que ocorra outro tanto en Alemaña. Mentres, aquí, algúns seguen teimando en construír a alternativa ao PP con proxectos do século XIX.

O capitalismo monopolista pon de manifesto dúas grandes contradicións: primeiro, a falacia do liberalismo, pois este tal como foi formulado polos seus teóricos non existe; e, despois, a propia supervivencia do planeta xa que o lucro carece da sensibilidade mínima para pensar nas xeracións vindeiras e nas outras especies coas que convivimos. Curiosamente, diante desas dúas realidades, o nacionalismo e a esquerda segue maioritariamente debaténdose entre comunismo ou socialdemocracia, dúas versións da mesma esquerda eurocentrista, etnocentrista, corporativista e industrialista.

Cantos anos teremos que esperar, unha vez máis, para que en Galicia estean presentes as correntes que se moven na esquerda avanzada do mundo global? Faise necesario abordar a política con novos prismas, cun cambio metodolóxico radical e un cambio epistemolóxico central. Hai que construír unha referencia do ecoloxismo político que poña na axenda os elementos fundamentais do noso tempo, unha esquerda renovada que conecte coas demandas de radicalidade democrática da cidadanía. Pero hai máis. Tamén temos que vertebrar unha alternativa nacional anti-monopolista que agrupe á maioría de afectados polas directrices das políticas *neoon* que saen dos nosos gobernantes ao ditado das grandes corporacións.

Para iso debemos de destruír dicotomías, sen solución dialéctica, na que estivemos inmersos nos últimos decenios e frearon os procesos de renovación da nosa esquerda.

- *Reforma versus revolución. Re-evolución.* Non é posible cambios estruturais se non se impulsa antes un programa de políticas de reforma forte e se, reciprocamente, non se abordan as reformas necesarias enmarcadas nun proxecto de cambio estrutural.
- *Nacionalismo versus non nacionalismo. Nacional.* O carácter nacional como punto de encontro daquelas persoas que se recoñecen como parte dunha mesma nación e avogan por avanzar no seu autogoberno. Entre o illacionismo esencialista e o sucursalismo cástrante, cabería apuntarse a construír un proxecto propio en réxime de *joint venture* con outras forzas necesarias para o cambio social e a biodiversidade plurinacional.
- *Desenvolvemento versus conservacionismo. Sustentabilidade.* O modelo produtivista da esquerda europea do século XIX foi prexudicial para a maioría da poboación que habita nos países do Sur e colocou ao planeta á beira do infarto ecolóxico. Soamente desde a sustentabilidade e a economía eco-social é posible desenvolver un programa global de desenvolvemento que, tendo en conta os límites do planeta, achegue novas olladas e novos niveis materiais e espirituais de benestar.

Para todo isto faise necesario acabar coa herdanza do fraguismo en todas as súas dimensións e, de paso, regresar ao futuro.

## O sorriso de Feijóo<sup>21</sup>

En Amio e en Sevilla, e cunha semana de por medio, Feijóo vén de asegurarse a reelección en outubro. Rematados os procesos congressuais do BNG e do PSOE, e toda vez que o que pase no PSdeG é xa irrelevante, a única esperanza para o cambio en San Caetano só pode vir da man do nacemento dunha nova forza na esquerda galega. As citas destas organizacións de esquerda, e doutras, amosan unha vez máis a incapacidade dos aparatos dos partidos políticos para asomarse ao século XXI con naturalidade.

O 15-M puxo de evidencia a desafección da cidadanía cos partidos políticos, en xeral, e cos da esquerda, en particular. Nunha situación de normalidade todo indicaría que as forzas políticas tomarían nota e mudarían de rumbo, pero moi ao contrario parece que apostan polo suicidio colectivo.

É verdade, tal como afirma o sociólogo catalán Antoni Gutiérrez, que os partidos perderon a exclusividade da acción política pero máis aló cabería esperar que non descoidara o seu imprescindible papel de *interface* institucional. Non parece que ese vaia ser o camiño cando menos a curto prazo

Non obstante, as citas congressuais tamén abren unha fírgoa de esperanza pois os seus resultados achantan o camiño para a constitución dun nova forza da esquerda galega de ampla base. Forza que vai necesitar do espazo renovador que se aglutinou arredor de Xosé Manuel Beiras na última asemblea do BNG,

<sup>21</sup> Publicado en *Praza Pública*, febreiro de 2012.

pero que tamén vai precisar de novos nutrientes dunha esquerda nacional que non participou de ningunha das dúas forzas políticas centrais da esquerda galega nos últimos vinte anos.

Trátase de construír unha nova alianza ampla de cambio que recolla o mellor da tradición do BNG e do PSdeG pero que, á súa vez, incorpore aqueles elementos centrais das axendas sociais deste inicio do século XXI: democracia, ecoloxismo e ética, que lle permitan converterse nun grande espazo nacional alternativo á hexemonía do PP.

Co tándem *Vazquez&Vazquez*, Feijóo pode durmir tranquilo e feliz. Necesitamos crear novos espazos que lle quite o sono e borre o sorriso da cara do ocupante de Monte Pío.

## O espírito do 29 de xaneiro<sup>22</sup>

Non tiven ocasión de vivir o proceso de Riazor 82. Un ano antes xa marchara —en realidade convidaranme a saír— daquel club privado chamado ERGA. Decidín deixar de ser súbdito e adquirir a condición de cidadá a sabendas de que a franxa de pensamento autónomo xera algún que outro inconvinte e mesmo, en xente paixonal coma min, máis dunha metedura de zoca que a xente de ben perdoa e a outra anota na folla de penais. Así que non estou disposto, por nada do mundo, a perderme este novo proceso constituínte da Alternativa Galega 2012.

O pasado 12 de febreiro tiven a ocasión e a honra de asistir a asemblea aberta do Encontro Irmandiño. Non podo dicir, coma Henrique Tello, que dá gusto estar nun sitio onde se saúda todo o mundo, pero é comprensible, despois de moitos anos o cancro do sectarismo tamén ten as súas pequenas metástases que teremos que ir curando e, como apuntaba o propio Tello, sen facer moito caso dos comentarios das novas electrónicas. Á fin e ao cabo, un acaba asumindo que a diferenza de Alfredo P. Rubalcaba e algún outro, un é un menxevique e mesmo un menxevique dos menxeviques.

No ambiente excitante e ilusionante do encontro do Pazo de Congresos de Compostela había trazos de congreso constituínte, ao igual que o haberá, de certo, o 25 de febreiro, o 11 de marzo e o 17 de marzo. Pero errariamos se nos contentamos só co número de persoas que se xuntaron nestas citas. Hai que ir máis alá.

<sup>22</sup> Publicado en *Praza Pública*, febreiro de 2012.

Son dos que penso que o BNG como alternativa política, e como referente electoral da esquerda galega, está amortizado hai tempo. O 15-M non só certificou a desafección da cidadanía pola política institucionalizada e polos partidos como *interfaces*, nomeadamente polos partidos de esquerda, senón que permitiu visualizar a idea que era posible construír novos espazos políticos e que o armazón político-institucional saído da Transición estaba esgotado. En Galicia, o Estatuto, coa súa imposibilidade de reforma, e o sistema de partidos herdado do fraguismo saltou polos aires.

Todo indica que desde hai algún tempo había masa crítica suficiente para iniciar unha nova etapa. Sendo isto verdade, non é menos certo que na teoría política sobre movementos sociais se sinala que para que o cambio se produza se precisan de factores políticos (oportunidades políticas), se necesitan tamén novas ferramentas (estruturas de mobilización) e son igualmente imprescindibles marcos identificativos (procesos enmarcadores).

Nese senso, o traballo realizado por Encontro Irmandiño, Máis Galiza e outros sectores renovadores do nacionalismo previo a XIII asemblea do BNG non son só plausibles senón foron necesarios para que a xente se encontrara, se recoñecera e se identificara cun *construtor* alternativo ao dominante no nacionalismo.

Como hai un antes e un despois do 15-M en canto á percepción que a cidadanía ten da política, existe un antes e un despois do 29 de xaneiro en tanto en canto se poden crean as condicións políticas, instrumentais e identificativas para a construción dun novo referente, todo iso ademais está reforzado por un liderado moral e ético que ten, nestas complexas circunstancias, estado á altura con xenerosidade e valentía.

Pero errarán os dirixentes de Máis Galiza e do Encontro Irmandiño, de Esquerda Nacionalista e do PNG se pensan que a reconstrución dunha nova esquerda está feita coa simple reunificación fóra do BNG dos seus respectivos seguidores.

Cómpre ir máis alá. Hai que:



- Construír un novo espazo nacional (nacionalista no político) que permita incorporar persoas que senten o país, o defenden e o sitúan no centro da súa intervención política e social máis alá das definicións formais.
- Construír un espazo plural e flexible. Amplo pero lonxe dos partidos clásicos convertidos en prolongacións das institucións, incluso fuxindo do frontismo de partido guía e grupos satélites ou da mesa de partidos para arrepañar cotas de poder interno.
- Introducir na axenda os elementos de contradición política do século XXI, tanto no que son as novas correntes da esquerda global, que sitúan como centro a sustentabilidade ecolóxica e a xustiza social global nunha versión nova do socialismo lonxe do corporativismo ou do desenvolvementismos, e os elementos de radicalidade democrática e loita contra a corrupción política que introduciron os novísimos movementos sociais.

E todo iso haino que facer sen renunciar as luces do pasado pero sinalando con forza as sombras da etapa precedente.

Tempos de crise, tempos de transición, tempos nos que os referentes petrificados caen e xorden novos espazos máis líquidos en construción. Esa é a tarefa de *aggiornamento* tal como a foron realizando nos últimos anos o altermundismo e os movementos sociais máis avanzados de xeito unitario, pero sen esquecer que a unidade sen renovación ademais de pura melancolía leva á parálise e á autodestrución por inanición. Recordando como dicía Rosalía de Castro que «a quen se muda, Deus o axuda».



## O grande erro da esquerda<sup>23</sup>

O profesor Vicenç Navarro publicou un artigo co título «O grande erro da socialdemocracia». Sen querer puntualizar nin o máis mínimo o seu correcto argumentario, onde se analizan as dúas visións na socialdemocracia alemá e por extensión a europea, creo, non obstante, que o erro da socialdemocracia e da esquerda, en xeral, hai que buscalo máis alá das equivocacións puntuais que cometeu na última década.

A esquerda, a socialdemócrata ou a radical, leva varias décadas en crise por non ter construído unha alternativa crible e aceptable por unha maioría cidadá, entalándose nunha mera xestión progresiva do capitalismo. Tras a caída do Muro de Berlín, co colapso económico e social do modelo burocrático e totalitario estaliniano, era cuestión de tempo que o modelo socialdemócrata tamén entrase en crise.

O modelo de Bretton Woods, deseñado nas postrimerías da Segunda Guerra Mundial, atopábase con dúas eivas para poder globalizarse: unha de cuestión política, a existencia dunha alternativa ao modelo de comercio internacional; e unha segunda de carácter técnico: a ausencia de tecnoloxía da comunicación que permitira facer transaccións comerciais ao instante que facilitábase pasar dun capitalismo produtivo-industrial a un capitalismo especulativo-financeiro. A finais da década dos noventa do século pasado coa caída do bloque soviético e coa revolución científico-

<sup>23</sup> Publicado en *Galicia Confidencial*, febreiro de 2012.

técnica estas dúas eivas foron resoltas e as *forzas do mal* tiñan preparado o camiño para globalizar o seu modelo.

Máis dunha década despois, e coa primeira crise sistémica en plena efervescencia, as propostas son igual de erráticas fórmulense desde a esquerda moderada ou desde a radical. Desde a esquerda máis pragmática asúmase simplemente que non hai alternativa e que debemos aceptar o discurso dominante de recortes e contención do déficit. Desde a esquerda máis radical inténtase recuperar modelos fracasados ou ben se fai fincapé na defensa dun modelo de Estado de benestar que resulta imposible reinstaurar.

O Estado de benestar, tal como o coñecemos en Europa nos últimos cincuenta anos, baseábase en tres fundamentos xa desaparecidos. O primeiro, a existencia dun modelo alternativo que necesariamente obrigaba aos grandes oligopolios a facer concesións para manter a súa hexemonía. Un segundo elemento era un pacto social entre empresarios e unhas fortes centrais sindicais asentadas en fabricas cun modelo de produción fordista onde os traballadores se encontraban unidos e eran facilmente organizables. E, en terceiro lugar, a existencia dun *gueto* de progreso no medio dun mundo global de inxustiza, onde os habitantes do Sur renunciaban a favor dun poucos privilexiados do Norte aceptando para iso réximes ditatoriais e condicións de vida miserentas.

Todo isto voou polos aires: nin existe modelo alternativo, nin as centrais sindicais teñen a forza de antano, nin a cidadanía do Sur está disposta —tal como se mostrou coas revolucións árabes— a renunciar a unha vida digna.

O socialismo do século XXI vai ser, por forza, diferente aos modelos corporativos, produtivistas, burocráticos e/ou totalitarios do século XX. Non é posible construír o socialismo nos parámetros no que o intentan as actuais forzas políticas. Tampouco se trata de engadir múltiples cualificativos ao gusto do consumidor: democrático, ecolóxico, feminista... Hai que reconstruír un novo modelo integral —ecosocialista— que pivote sobre a radicalidade demo-

crática, o desenvolvemento autocentrado e autosostible, e a xustiza social global.

A crise puxo de relevo no capitalismo, o que xa se comprobara cos modelos estatalistas no pasado, que a democracia non está ligada necesariamente a ningún réxime económico-social, que o socialismo pode ser castrante e totalitario do mesmo xeito que o maior liberalismo económico funciona perfectamente nos réximes militares mais cruentos. Así que a democracia pasa a ser un elemento central da alternativa. Democracia real no político, como se esixe desde a sociedade civil, e democracia na produción e o consumo impulsando propostas de economía social, de cooperativismo ou de pequena explotacións agrarias biosustentables.

A construción dunha grande alianza antimonopolista esixe unha complexa iniciativa que constrúa dialecticamente unha política de alianzas nacionais xunto con redes rexionais de maior escala. Obviamente iso no marco dun estado plurinacional como o español incrementa as dificultades da mesma, ou si se quere unha lectura positiva esixe unha maior intelixencia e creatividade, para combinar os proxectos nacionais necesarios xunto co traballo de escala —estatal e europea— imprescindible para dar unha resposta eficaz ás grandes corporacións transnacionais.

A xustiza global só vai ser posible cunha alianza altermundista entre todos os actores que actúan a favor do cambio: movementos sociais, gobernos posneoliberais de América Latina, cidadanía emerxente dos países árabes e do Sur, e novos partidos políticos que xermolen no Norte.

Non se trata agora de recuperar falsas dicotomías propias de debates eurocentricos entre reforma e revolución, nacionalismo ou globalidade, desenvolvemento ou medioambiente... Hai que construír un modelo para inicios do século XXI, diferente necesariamente ao levantado pola socialdemocracia e o comunismo na primeira metade do século XX. Farán falla programas de *reforma forte* que conduzan a un cambio sistémico, serán necesas-

rios proxectos nacionais que permitan construír unha hexemonía social para un cambio global, serán imprescindibles proxectos de desenvolvemento sustentable que permitan unha harmonía coa natureza.

Hai cinco séculos o modelo aristotelico-ptolemaico considerábase como perfecto, parecía que non existían fisuras. Copérnico introduciu un xiro radical na visión do universo, situándose simplemente nuns parámetros diferentes. Estamos falando dunha nova etapa que require de novas ferramentas. A esquerda plural non pode permitirse seguir vivindo nunha melancolía decadente de *gloriosos tempos pasados* nin tampouco pode estar buscando eternamente as impenetrables fisuras do réxime. Hai que trasladarse a outras coordenadas, reinventándose e dando á esquerda o seu necesario xiro copernicano.

## Non valen escusas!<sup>24</sup>

Non foi nin unha casualidade nin tampouco unha conspiración. Algúns viñamos observando, de certo que non pasivamente, como existía unha corrente de fondo, en maior medida no BNG pero tamén no PSdeG, que esixía cambios para re-conectarse cunha sociedade cada vez máis afastada dos partidos.

O movemento das e dos indignados, á marxe das súas propostas concretas máis ou menos certeiras, veu poñer enriba da mesa unha desafección clara e rotunda da cidadanía cara aos partidos tradicionais e as formas que estes teñen de entender a política.

Tratábase maioritariamente de xente nova que nin tan sequera formaba parte deles xa que non lle engaiolaban as súas dinámicas internas. Unha sensación que, por outra banda, vivimos tamén aqueles que, noutro tempo, participamos en organización partidarias.

Hai uns meses tiven ocasión de asistir a un debate sobre os 25 anos do Parlamento de Galicia. Nesa mesa redonda, e a pesar de que nela participaban algúns dos analistas máis sisudos do panorama galego, todos defenderon dogmáticamente a estabilidade da estrutura de partidos en Galicia como algo pechado e inamovible. Non entenderan nada do que ocorrerá na rúa.

Unha vez máis, as ciencias sociais amosan unha clara desvantaxe metodolóxica sobre as ciencias naturais. De novo, como aconteceu co desmembramento do bloque soviético e coa prima-

---

<sup>24</sup> Publicado en *Praza Pública*, marzo de 2012.

vera árabe, aos analistas foron pillados co pé cambiado e sen saber que dicir máis alá dos tópicos e de lugares comúns.

O 29 de xaneiro, data da última asemblea do BNG, non só voou polos aires a estrutura de partidos en Galicia senón que ocorreu algo máis. Os militantes da esquerda política fartáronse de ser súbditos do partido e decidiron ser cidadáns libres con pensamento autónomo e capacidade de resolver contradicións. As persoas con ansias de cambio social e defensa da nación observaron que as antigas estruturas en declive non servían para formular unha proposta nacional de cambio.

Os activistas sociais e políticos, outrora enfrontados por matices indescifrables e por miserias humanas, podían agora xuntarse arredor dun novo proxecto alternativo, nacional e de esquerdas. Tratábase de facer política no século XXI, coas contradicións propias do momento que nos tocou vivir. Contradicións dun modelo esgotado no que ademais de produtores nos tornamos, fundamentalmente, en consumidores; onde a supervivencia do planeta pasa a primeiro plano e liberdade adquire novas dimensións políticas e económicas afogadas por un sistema monopolista no que os oligopolios vertebraron un modelo totalitario global e onde os gobernos son meros xestores das directrices emanadas desde institucións privadas.

Hai que procurar facer política superando as propostas ideolóxicas dos séculos XIX e XX e enfrontando os retos deste inicio de século complexo e vertixinoso, substituíndo as estruturas propias de modelos de «asalto ao poder», construídas en situacións totalitarias ou de grandes carencias democráticas, por modelos de organizacións amplas e plurais cooperativas que permitan incorporar á maioría social comprometida cun programa de cambio estrutural.

Enfrontámonos a perigos inmensos para os dereitos sociais, nacionais e planetarios e, por ende, sabendo situar cales son as contradicións principais do noso tempo. Non valen excusas



esencialistas que sinalan algunhas contradicións importantes, pero integrais, como se fosen centrais e excluíntes. Non valen desculpas principistas que colocan elementos ideolóxico-teolóxicos por riba dos principios políticos e éticos para a defensa do ben común e da nación. Non vale buscar en elementos nominalistas novas pretextos.

Crebouse o formato de nacionalismo ideolóxico e polo tanto é posible vertebrar un proxecto nacional desde o recoñecemento nacional da nosa realidade e na procura de maiores cotas de autogoberno cidadán (nacionalismo político). A soberanía pode expresarse con diferentes resolucións políticas nun espazo común, desde o *autonomismo forte* até o independentismo, pero debemos ser honestos: as propostas federalistas deben partir da soberanía das partes e non poden quedar reducidas ás decisións que, por maioría, se toman en consellos chamados *federais*, con residencia fóra, nunha versión política dos deostados *paraísos fiscais*.

Tamén debemos ser leais á hora de abordar a cooperación política. Temos que construír un proxecto formado por homes e mulleres libres, culturalmente plural pero necesariamente aberto e participativo. Non valen compartimentos estancos, nin a superioridade política ou de ideas duns sobre outros. Debemos ser colaborativos no político e creativos na construción de sínteses culturais de ideas. Se non somos quen de facer iso, debemos con honestidade preguntarnos en que se diferencian os nosos proxectos políticos dos partidos de vangarda que con tanta contundencia criticamos.

É o momento de arriscar. A preguiza intelectual inevitablemente leva ao conservadorismo político. Non valen escusas!



## Un *novísimo* proxecto común<sup>25</sup>

Somos os nosos peores inimigos.

MARTIÑO NORIEGA

A análise da historia e dos acontecementos políticos pode facerse seguindo dous procedementos: o de centrar en persoas ou figuras o seu relato e, polo tanto, buscar as necesarias conspiracións ou, pola contra, centrar a narración en causas obxetivables (oportunidades políticas), suxeitos colectivos (estruturas de mobilización) e procesos enmarcadores. Eu como marxista, do empirismo dialéctico non do materialismo mecanicista dos seus seguidores, aposto máis polo segundo. En primeiro lugar porque, ademais de máis rigoroso, creo que axuda a resolver mellor as contradicións e buscar a súa solución; e, en segundo lugar, porque as teorías conspirativas son a resposta que os necios, desde o conservadorismo político e desde a preguiza mental, soen dar diante realidades novas e complexas que non queren entender.

Unha vez que optamos por facer unha análise empírica e racional dos acontecementos deberemos acertar nos corolarios do problema para que a solución sexa a máis acertada posible. Onde poñer os corolarios do problema na situación que vive a esquerda e o nacionalismo galego? Algúns póneno na deriva que o BNG tomou nos últimos anos e non sendo de todo falso que a deriva da última década precipitou o desenlace, creo que os corolarios

<sup>25</sup> Publicado en *Praza Pública*, abril de 2012.

deberíamos buscalos máis atrás, seguramente na década dos setenta cando empezou a cambiar o modelo produtivo e social e a esquerda non foi quen de actualizar a súa política e a súa estrutura organizativa e mental diante das novas realidades. Nese senso, o BNG foi, sen dúbida, un intento creativo no noso contexto nacional pero foi limitado pola dimensión e a envergadura da crise á que nos enfrontabamos.

Hai acontecementos que teñen unha carga simbólica e que sintetizan etapas longas de contradicións. Voume referir a tres:

- *Caída do Muro de Berlín*. Supuxo ademais da fin dun modelo totalitario e estatalista de construción dunha sociedade máis xusta que representaban os PC e xa que os entullos chegaron até o Atlántico, e mesmo cruzaron o océano, ía supor co paso do tempo o esgotamento da proposta socialdemócrata clásica eurocentrista, industrialista e corporativista e por ende do modelo de Estado de benestar tal como o coñecemos até o presente, sustentado nun pacto interclasista entre a gran patronal e uns sindicatos obreiros fortemente asentados nun modelo de empresas fordistas hoxe practicamente inexistentes.
- As revoltas árabes iniciadas en decembro de 2010 que marcan unha segunda quenda, tras o movemento latinoamericano, de rebelión no Sur baixo a concepción clara de que «nos tamén somos cidadáns e non aceptamos que a democracia e os dereitos sociais sexan oasis políticos reservados ao Norte».
- O Movemento 15-M que, á marxe das partituras concretas, puxo de manifesto a desafección pola política, máis que nada dos partidos da esquerda, dunha parte importante da cidadanía, a máis nova e activa, ligado a un proceso que unha década antes xa se dera na deserción de importantes continxentes da esquerda política cara aos movementos sociais e ONG.

E así estamos, en Galicia e no global, sen alternativas políticas, con modelos organizativos esgotados que afastan a poboación dos partidos e nun período de crise-transición que ou se aborda desde novas perspectivas ou simplemente reproducirán os elementos que nos trouxeron até aquí. Hai que abordalo todo desde novos horizontes, novos xeitos de entender a política e novas perspectivas propias do século XXI que se presume complexo e difícil para as persoas e para o planeta.

Non podemos seguir deseñando a intervención política con paradigmas de pensamento definidos para o século XIX, nin podemos construír proxectos pensando en propostas organizativas fundadas para a toma do poder en estados pre-democráticos ou consolidados durante a Guerra Fría.

### **Necesitamos outros paradigmas**

Faise necesario ter en conta á hora de construír os referentes do século XXI tres eixes igual de importantes, sabendo que están relacionados dialecticamente e recoñecendo a súa complexidade. Ademais hai que facelo de xeito amplo para que sexa posible a hexemonía social necesaria que logo se poda traducir en hexemonía electoral. O eixo social (esquerda-dereira), o eixo nacional (galeguismo-españolismo) e o eixo democrático (arriba-abaixo). Ben pode ser que non sexa como di o movemento *Occupy Wall Street* o «1% fronte ao 99%», pero, sen dúbida, é unha maioría amplísima fronte a unha ínfima minoría.

Se non atendemos os tres eixes teremos unha caricatura da realidade e se contemplamos de xeito restritivo crearemos un proxecto alternativo irreal e marxinal.

Faise necesario abordar as novas contradicións: os límites de crecemento e a crise ecolóxica do planeta e o conflito xerado polas grandes corporacións sustentadas en economías especulativas

e destrutivas en contra da económica real dos pequenos produtores e empresarios.

Asistimos a unha oligopolización onde o modelo liberal e unha falacia e onde os neocons son os principais inimigos da liberdade de empresa e do planeta.

### **A proposta: Galicia e o Ben Común**

Á hora de abordar o novo proxecto que necesita Galicia e o Ben Común debemos partir de dúas premisas. A primeira: a resolución dos grandes problemas aos que nos enfrontamos e as grandes encrucilladas que ten o pensamento non se van solventar da noite para a mañá e desde Galicia para o mundo, senón nunha construción dun novo pensamento coral e global. A segunda: temos que experimentar e construír algo novo.

O BNG, o PSdeG e outros instrumentos tradicionais amosáronse inservibles. Non se trata de construír nin un BNG *bis*, nin n un BNG *auténtico*, nin un BNG *máis radical*, esta última proposta xa se leva experimentando nos últimos vinte anos con escasos resultados.

As últimas eleccións francesas revelaron a impotencia da esquerda alternativa cando pretende resucitar modelos caducos e desempoeira *zombis* con programas industrialistas e pro-nucleares coma fixo o PCF. Ao final, o voto crítico acabou en mans da ultradereita.

Podemos pensar que o Partido Popular é o máis antisocial que existe, pero desde punto de vista sociolóxico son os *populares*; temos razóns para pensar que o PSdeG está a cambiar constantemente de trincheira ideolóxica, mais ocupan a dimensión construtiva dos *socialistas*, e podemos entender que o nacionalismo do BNG foi *traizoado*, pero en termos político-electorais son os *nacionalistas*.

Debemos construír algo novo e haino que facer desde o *constructo* dunha nova identidade. Unha nova identidade ligada a tres eixes: ao galeguismo político e o soberanismo cívico; ao progresismo e a nova esquerda; ao ecoloxismo político e a radicalidade democrática nun proxecto nacional entendido en toda a súa dimensión. Non se trata de máis esquerda e máis nacionalismo, falamos doutra esquerda e doutro nacionalismo que interprete e dea solucións ao país existente, non ao que nos gustaría que existise.

Haino que facer posible nunha construción circular desde abaixo, pero tamén impulsada lealmente desde todos aqueles colectivos que queiran implicarse. Débese artellar nun proceso asembleario pero que:

- parta do impulso multilateral e non unilateral;
- sexa aberto *extramuros* do que foi o nacionalismo organizado (con pedagogía e novas linguaxes ),
- arranque desde a soberanía local e evitando os modelos comarcais intermediarios que curtocircuitan a soberanía das persoas e o proxecto global;
- se faga sen construír estruturas pechadas que impidan a integración das persoas nunha fase aínda en construción;
- aspire a un formato asembleario de novo tipo, xa que o actual só interesa a certos sectores sociais do proxecto e a un perfil de persoas case *profesionais* do asemblearismo.

Haino que idear como un proxecto cooperativo que reivindique o dereito a ser cidadáns e, polo tanto, a organizarse colectivamente en grupos, correntes culturais ou partidos.

Estamos nunha etapa de reagrupamento que require da visualización de espazos diferentes e complementarios.

Nese senso, o Espazo ecogaleguista non naceu como un *lobby* de poder, ao que renunciou de antemán, senón para incorporar na axenda as políticas da esquerda verde, as novas formas de interpretar o común e para facilitar sumar ao novo proxecto dos continxentes de *extramuros*.

Un proxecto con data de caducidade e aberto ás confluencias, pero sabedores que un proxecto político tan amplo e que ten que resolver vellas e novas contradicións non se constrúe en semanas ou meses. *Compromis*, no País Valencià, naceu en formato de coalición electoral e só na actualidade, cinco anos despois, está en condicións de transformarse nunha organización política unitaria para intentar o *sorpasso* ao PSPV.

Nada está seguro, aséxannos vellas pantasma e os novos medios, pero a fortuna é dos que se arriscan con lealdade e traballo.



## **Necesitamos máis esquerda renovadora para saír do *cul de sac*<sup>26</sup>**

Cando se viven tempos nos que hai que reivindicar o obvio, que difícil resulta introducir ademais modernas formas de pensamento, novas linguaxes e novos xeitos de facer política. Pois ben, cando estabamos na procura de novos horizontes para o século XXI, as ideoloxías do século XIX e as formas de actuar da primeira metade do século XX entraron como un bulebulé e ten toda a pinta de que non están dispostas a marchar de boa gana. Así que conviría volver repasar algúns dos erros que nos levaron aquí e lembrar algunha que outra obviedade para poder avanzar.

### **Primeira obviedade**

Somos cidadáns autoorganizados, ou non, en partidos, colectivos, grupos sociais, clubs de lectura ou no que nos pete. Unímonos con outros e outras pola proximidade de obxectivos e porque construímos unha misión conxunta. É en base a iso, e non as metodoloxías, ao que construímos, ou non, espazos comúns.

Cando os espazos comúns son compartidos organizámonos de xeito individual *inter pares* (caso dos partidos), cando o común é de carácter estratéxico, de obxectivos pero non de misión, facémolo buscando formulas unitarias pero plurais (caso de federación de

---

<sup>26</sup> Publicado en *Praza Pública*, xuño de 2012.

partidos ou cooperativas políticas). Se os obxectivos e a misión non coinciden, pero necesitas sumarte con outros para defender algo que está sendo atacado, como o Ben Común ou Galicia, entón buscamos fórmulas conxunturais (coalición ou alianzas electorais). O caso é procurar instrumentos ao servizo da política e non poñer a política ao servizo dos instrumentos.

## **Segunda obviedade**

A xente autoorganízase seguindo formulacións de ideas que logo se plasman nunha proposta programática e nunha política de alianzas. Obviamente, o debate cultural e de ideas debe ser dialéctico, non ideoloxicista, de xeito que permita construír espazos comúns a pesar das posibles diferenzas, tal que os instrumentos que se creen poidan ser hexemónicos e vertebrar amplos espazos sociais.

A construción dunha hexemonía de cambio, nas pautas democráticas e nos intereses comúns, necesitan de proxectos re-interpretados desde a esquerda. Deebemos materializar un espazo da esquerda renovadora, capaz de integrar a sectores sociais progresistas non de esquerdas, diferenciado pois do esencialismo dogmático ou do monoclasismo corporativista.

Nesa construción da hexemonía, o carácter nacional é a pedra angular para a súa vertebración, por iso non ten sentido propoñer que o social (ou o eixo esquerda-dereita) está por riba do eixo nacional, nin propoñer o contrario, senón entender que só é posible vertebrar un programa de cambio social desde unha perspectiva nacional. Por iso eu non son nacionalista (no senso ideolóxico) senón galeguista (no senso político) como expresión maioritaria do desexo de cambio e da construción do autogoberno do meu país.

Nesa liña, o galeguismo político non pode ser entendido como un disolvente nin da esquerda nin do nacionalismo. O galeguismo

político é a expresión da cultura nacional e republicana que permite encontrarse no mesmo proxecto a persoas de esquerda e persoas que non son de esquerda pero defenden os intereses do país e das súas xentes.

### **Terceira obviedade**

Todos os proxectos teñen unha dimensión poliédrica onde interactúan elementos horizontais e verticais, liderados persoais e corais, corporativismos constructivistas e permeabilidade social. Todos estas dimensións son necesarias e complementarias. O cuestionamento que o 15-M fai da democracia baseada na ditadura dos partidos non se solventa coa construción endogámica formal *desde abaixo*, senón coa apertura real a novos sectores sociais até o momento non interpelados e mesmo excluídos. Un proceso constituinte é poliédrico desde o momento en que interactúan colectivos e grupos preexistentes con intereses de parte.

O que debe deixar claro a política de participación do século XXI é a vontade da cooperación política, o asentamento na realidade local das decisións centrais e na participación externa na elección das candidaturas por medio de primarias ou fórmulas similares que impidan que os partidos sexan clubs privados onde unha minoría, os afiliados e as afiliadas, deciden por milleiros de electores que depositan nesa organización a súa confianza.

### **Saída**

Hoxe existen varios niveis de unidade e converxencia posibles froito da amplitude de intereses compartidos ou non.

Existe un primeiro nivel de interese, cando menos pola miña parte e a doutros, na creación dun partido da esquerda nacional

renovadora, hoxe dificultada pola atomización e a dispersión das xentes, que sendo a maioría no galeguismo, se sitúan neste espectro. Hai axentes da esquerda renovadora en CxG (en Espazo Ecosocialista, Máis Galiza e incluso nunha boa parte de AGA), no NPC (EI, FOGA), no BNG (Abrente) e mesmo nalgúns outros espazos non nacionalistas coma EU ou Equo.

O segundo nivel é a necesaria construción dunha cooperativa estratéxica, en formato legal de federación de partidos, do galeguismo político de carácter transformador (binomio CxG-NPC).

O terceiro nivel de alianza electoral ou de acordos post-electorais, segundo sexa o momento, con outros espazos necesarios para desprazar á dereita política e aos oligopolios, nomeadamente co concurso do PSdeG, o BNG e alianzas máis alá de Galicia con outros colectivos de esquerdas e proxectos nacionais doutros territorios do Estado.

Asistimos a un crebacabezas de reconstrución complicado. Os tres niveis son igual de importantes, pero os tres, indefectiblemente, pasan pola unidade partidaria da esquerda nacional renovadora se queremos saír da especie de *cul de sac* no que por momentos nos queren meter.

## **A lexítimas diverxencias non pode impedir as necesarias alianzas electorais<sup>27</sup>**

Vivimos unha fin de ciclo político, unha etapa de transición que nos obriga a xestionar os tempos con moita prudencia e a máxima xenerosidade se queremos saír do labirinto sen que nos pape o Minotauro.

En tempos como estes sempre xorden con forza dúas tendencias igualmente conservadoras e paralizantes: a involucionista reclamando que calquera tempo pasado foi mellor e a da necesaria fuxida cara adiante de carácter esencialista. Entre a melancolía e a ansiedade faise necesario atopar o equilibrio necesario que permita discernir o principal do secundario e o central do accesorio.

O período de transición na esquerda nacional e no galeguismo político débese a unha dobre crise que temos que abordar coa necesaria temperanza e audacia.

Á crise xeral que sofre a esquerda diante da incapacidade que ten de ofertar alternativas cribles, entre os que se aferran a modelos totalitarios finiquitados e reformismos corporativos e eurocéntricos imposibles de reinventar, súmase o esgotamento dun modelo político-organizativo construído polo nacionalismo e que lle foi efectivo durante varias décadas.

Asistimos a unha pléade de partidos, colectivos e organizacións que as propias convocatorias electorais abocarán a procesos de converxencia e/ou desaparición (sería bo lembrar agora como na

<sup>27</sup> Publicado en *Tempos Novos*, xuño de 2012.

Transición española existiron decenas de micro-partidos que soamente o tempo e a cidadanía obrigaron a adaptarse ou forzaron a súa desaparición).

Máis que falar de partidos ou grupos, para o cal necesitaríamos case unha guía debidamente apostillada, deberíamos centrar os nosos esforzos analíticos arredor dos espazos político culturais existentes: o galeguismo progresista, a esquerda nacional e o soberanismo independentista. Espazos que poden e deben convivir en termos electorais, aínda que non sexa necesario, nin positivo, a súa convivencia en espazos orgánicos únicos.

Son dos que pensa que un dos motivos de crise do nacionalismo organizado foi convivir, aínda que fose no marco teórico dunha fronte, nun espazo orgánico único cando resultaría máis doado a existencia de proxectos políticos independentes que abordaran os procesos electorais en alianzas unitarias. Iso permitiría a necesaria unidade para acadar un certo grao hexemónico dentro da alternativa plural á dereita e, co tempo e o debate necesario, iniciar procesos de confluencia en instrumentos partidarios necesariamente transversais e cooperativos.

Así pois, toda vez que foi aberta a Caixa de Pandora que non se pode, nin se debe volver a pechar, e tamén unha vez que desfacer o nobelo vai levar un tempo, pois ademais de resolver aspectos político-culturais hai que abordar aspectos afectivos e psicolóxicos igual de determinantes en todo proceso de ruptura, deberíamos ser capaces de poder ofrecer á cidadanía unha alianza do galeguismo político o máis ampla posible.

Para iso é positivo que se dean tres cuestións necesarias, case imprescindibles:

- Programa e alternativa á dereita política e aos oligopolios. O noso adversario é a dereita e a proposta alternativa, programática e ética, debe estar elaborada para enfrontarse como modelo alternativo á dereita, non ao PSdeG nin ao BNG. Unha alternativa situada no *reformismo forte* no campo

da rexeneración democrática, a sustentabilidade, a defensa do Ben Común e dos intereses nacionais de xeito que sirva como elemento de mobilización e, a súa vez, que non sexa tan maximalista como para que, posteriormente, no exercicio do goberno xere frustracións na base social e electoral.

- Proposta dun *constructo* novo. A crise da actual estrutura partidaria galega só pode lerse en clave de que os actuais proxectos políticos teñen un grao de desafección cada vez máis elevado. A posibilidade de asentar un novo referente político-electoral só será posible se aparece como algo novo e non como unha reedición máis radical ou máis nacionalista do xa existente. Tampouco, desde logo, nin menos de esquerda, nin menos nacionalista. Algo novo que sitúe o seu piar central na radicalidade democrática, na apertura á sociedade, no acollemento amable, nas prácticas de integración e nas propostas de intervención democrática reais.
- Esta proposta electoral ampla, que se dirixa ao 95% da poboación afectada polas políticas de reaxuste social e cultural, necesita ademais dunha esquerda renovadora que sirva de motor propositivo. Lamentablemente, a división, obxectiva e lóxica, da esquerda renovadora en varios espazos político e/ou electorais —CxG, NPC, BNG, EU— ou no refuxio interior dos movementos sociais dificultan satisfacer esta necesidade.

En todo caso, o proceso esixe dunha oferta electoral ampla da esquerda nacional e do galeguismo político. As forzas políticas que o propuxeron no seu día teñen a responsabilidade de facelo. Só así se pode reagrupar ao electorado desencantado e derrotar á dereita. Se non é así, ao igual que durante o *fraguismo*, teremos unha dereita parasitaria no noso pequeno autogoberno e a sociedade volvera mirar cara ao outro lado.





## Un sentido<sup>28</sup>

Hai un ano o 15-M puxo enriba da mesa a desafección que unha boa parte da sociedade tiña pola política. Daquela, un grupo de persoas puxemos en marcha a Iniciativa BenComún entendendo que esa desafección interpelaba, en primeiro lugar, á esquerda e ao nacionalismo, aos seus militantes e dirixentes, pero tamén a súa base sociolóxica. Coincidiamos xentes diversas en procedencias culturais ao pensar que conectabamos cun amplo sector social que demandaba:

- Maior radicalidade democrática cara dentro en forma dun proxecto onde as persoas sexan as protagonistas e non os grupos (frontismos), nin os profesionais (partidos clásicos), e cara fóra (apertura á sociedade en forma de primarias, limitación de mandatos, listas desbloqueadas, referendos...)
- Renovación. Unha esquerda democrática renovada e cun proxecto de reforma crible e practicable para non volver defraudar á sociedade.
- Ampla unidade que abarcase socialmente aos sectores afectados polo control monopolista (95% da poboación) e politicamente polos sectores da esquerda e do progresismo non de esquerdas, todos cunha visión galeguista e partindo da propia autoorganización nacional cívica.

Niso estabamos, mesmo construíndo instrumentos políticos plurais para o futuro inexistentes até o de agora, cando estourou

---

<sup>28</sup> Publicado no web *xoanhermida.eu*, xullo de 2012.

a segunda forza da oposición galega (BNG) e entrou en crise estrutural a primeira (PSdeG).

Estabamos moi felices todos e todas cando comezou un proceso delirante. A maioría que viña do BNG e que foran capaces de poñerse de acordo nun programa para a súa renovación, non foron despois capaces de xuntarse para falar.

Uns empezaron a botarse ao monte e outros ao río. Uns puxéronse a rehabilitar *zombies* políticos e outros a facer a viaxe imposible cara ao centro. E, entremetres, a maioría, situada na esquerda galega renovadora, dividida en dous polos e cunha parte, nada desprezable, aínda instalada no BNG.

As similitudes coa Transición non fan máis que aparecer, ao cabo estamos no peche do ciclo político que ela abreu, e trátase, como daquela, de apostar non polo tacticismo reformista nin polas proclamas rupturistas inconcretables, senón por unha aposta estratéxica de ruptura sustentada nunha táctica de reforma programática e de acumulación de forzas.

Convén pararse un momento e facer balance.

Un ano despois temos no debe:

- A esquerda renovadora máis dividida que nunca e con moitas dificultades de dirixir o proceso e marcar a axenda;
- O intento de reedición de dous proxectos fracasados: Coalición Galega e BNPG.
- No canto dunha fronte, a posibilidade dun proxecto sustentado en dúas fronte (Anova-EU).
- En vez dun partido comunista, dous e medio.
- O proceso de converxencia hexemonizado desde os extremos.
- O sometemento dunha nova xeración de líderes políticos esmagada por persoas que levan varias décadas dirixindo a esquerda e o nacionalismo.

Un ano despois que temos no haber:

- A creba e superación da dicotomía nacionalismo versus non nacionalismo en base a unha idea nacional e galeguista.

- Un proxecto novo, aínda que moi limitado e con moitas incógnitas por resolver (Compromiso por Galicia ).
- Unha maior pluralidade política por asentar.
- A demanda social de amplas unidades electorais de progreso (en defensa do Ben Común) e galeguistas (en defensa e ampliación do noso autogoberno).
- A diferenciación entre uniformidade (proxecto único) e unidade (proxecto electoral).

En todo caso, temos diante de nós unha oportunidade xa case perdida e o que ao inicio se formulaba como unha carreira de 110 metros valados e agora tornou nunha carreira de fondo máis próxima aos 10.000 metros lisos. Nesa nova distancia, a unidade é un valor importante, pero pouco crible para os que non hai máis de cinco meses fixeron unha voadura incontrolada do proxecto máis unitario que deu, e seguramente dea nunca a esquerda galega. Un proxecto pouco consistente sen a participación case segura do propio BNG ou do PSdeG.

Agora ben cómpre deixar de enlevar e aclarar se a aposta pola unidade é real ou se trata dun xogo de tacticismos de desgaste do rival. Anova anuncia abrir o abano a EU sen ter pechado os pactos previos con CxG. EU lanza unha mensaxe anti-capitalista que deixa fóra a CxG pero non ten receo en falar con seitas como o Partido Humanista. CxG en lugar de liderar un proceso de unidade común péchase arredor de si.

Toda vez que a unidade do conxunto da oposición é imposible a fórmula máis que evidente sería unha coalición preelectoral Compromiso por Galicia–Esquerda Unida–Anova. Calquera posibilidade mínima de obter resultados pasa pola suma aritmética destes tres proxectos políticos. Convocados nun proxecto que, tendo a esquerda como o seu motor de ideas, se concrete como unha ampla alianza democrática e galeguista. O demais é enleala. Nesa nova distancia de carreira, o valor da renovación seguramente sexa o valor máis seguro.

A cidadanía non validaría contradicións entre o que se di e o que se fai. E aquí quen máis fácil o ten para saír do emburullo é Esquerda Unida que non prometeu nada que non poida asegurar. Calquera acordo pre-electoral entre CxG, EU e Anova necesitaría dunha explicación crible por parte dos que ían construír *desde abaixo* e dos que afirmamos que as primarias eran unha peza chave na formulación das novas formas de facer política.

Algúns levamos un ano apostando pola construción de algo novo, foi un tempo de traballo e ilusións, e tamén de tempo roubado e miserias observadas, aínda que, de certo, terá o seu resultado, se non o 21 de outubro, nun futuro próximo.

O país necesítao, a xente demándao. Aínda estamos a tempo!

## Reconstruír e/ou anovar<sup>29</sup>

Cando hai uns meses se iniciou o proceso de reconstrución da esquerda galega, froito fundamentalmente da ruptura do que foi até ese momento o espazo común da esquerda nacionalista pero non só, algúns xa advertiamos que este ía ser un proceso longo e complexo pois non era alleo á crise global que sufría unha esquerda produtivista, corporativista e etnocentrista ben sexa na súa versión comunista ou socialdemócrata.

Este proceso de reconstrución ten moito que ver con problemas metodolóxicos, salientados reiteradamente en diversos foros e debates, pero fundamentalmente epistemolóxicos e, polo tanto, imposible de abordar na súa reconfiguración fonda sen anovar os paradigmas e os parámetros nos que se asentou a esquerda de Galicia nas últimas décadas.

Estabamos pois diante dun proceso que requiría presentar unha oferta electoral ás eleccións autonómicas en cernes mais sendo conscientes de que a necesidade da reconstrución e renovación da esquerda galega ía, por forza, mais alá da data das eleccións.

Os resultados electorais de Alternativa Galega de Esquerdas pode ter uns efectos secundarios para a esquerda, mesmo non desexados por inesperados, pois os mesmos axudan a acelerar o seu proceso de reconstrución pero poden dificultar a necesaria renovación ao impoñerse as lecturas máis triunfalistas e, por iso mesmo, as máis conservadoras.

---

<sup>29</sup> Publicado en *Praza Pública*, novembro de 2012.

Sen dúbida, o resultado electoral de AGE ten que ver cun proceso de reagrupamento plural de forzas, que cada unha pola súa conta sumarían cero, xunto dun forte liderado político e ético, que animou a moitos novos votantes e a votantes das forzas da esquerda tradicional, xa desencantados, a participar nos actos multitudinarios da campaña e a saír dun case seguro abstencionismo.

Mais os resultados non arranxan os problemas que a propia esquerda tiña previamente. Non debemos esquecer que algunhas das cuestións fundamentais das novas formas de interpretar a política eran rexeitadas por algúns dos grupos xa existentes que hoxe conforman AGE ou que o proceso de construción de Anova fixo agromar contradicións, aínda sen resolver, entre as novas demandas e os vellos métodos.

É obvio que o resultado de AGE, paralelamente ao desgaste do BNG e a imposibilidade de asentarse novas forzas no espazo do nacionalismo, fai que se produza un impulso a este proceso de reconstrución baixo un novo paradigma: a unidade das esquerdas arredor dun proxecto nacional inclusivo fronte ao paradigma que representou o BNG durante case tres décadas: a unidade nacionalista cun abano esquerda-dereita aberto.

Ademais, o feito de que as eleccións autonómicas galegas coincidisen coas vascas, onde IU concorreu illadamente e fóra do marco plural da esquerda nacional que representaba EH-Bildu, pon aínda máis en evidencia a comparación entre o resultado negativo onde unha forza se presenta soa e sen proxecto nacional e o resultado positivo onde esa mesma forza o fai de xeito colaborativo con forzas nacionais (ou nacionalistas) coma no caso catalán ou aragonés.

Non podemos albiscar como será a recomposición das forzas políticas galegas nos próximos anos pero do que si podemos estar seguro é de que, con AGE ou sen AGE, a estrutura de partidos políticos en Galicia contará cunha cuarta forza que se situará nas coordenadas da esquerda nacional. O paradigma da unidade do

nacionalismo, tal como foi concibido até agora, fracasou, ben sexa na versión crúa da UPG ou na versión amable do *quintanismo*.

Non obstante, este impulso ao proceso de reconstrución debería facernos ser prudentes á hora de abordar o proceso de renovación. Sería un erro que o éxito electoral de AGE se convertera nun obstáculo no necesario proceso de renovación da esquerda. AGE ten retos propios coma é a consolidación do seu proxecto político, organizativo e social partindo para isto do recoñecemento da súa propia pluralidade política interna e da pluralidade social dos seus apoios externos.

O resultado de Alternativa Galega de Esquerdas non podería interpretarse correctamente senón entendeseamos que a cidadanía desbordou os efectivos partidarios e corresponde ás forzas que compoñen AGE dar resposta correcta ás demandas dun electorado que vai ser moi esixente. Mais o fortalecemento de AGE necesita do fortalecemento das partes, fortalecemento no senso renovador das ideas, no desenvolvemento dos seus proxectos políticos e na consolidación dos seus elementos organizativos, enténdendos de xeito cooperativo pois a consolidación de cada unha das partes supón o fortalecemento do conxunto e viceversa.

Esquerda Unida terá que afrontar, dunha vez por todas, as claves do seu proxecto nacional para que o federalismo pase de ser un recurso literario a ser unha realidade; Anova necesita facer o traballo pendente de desapego cultural da súa orixe; Espazo Ecosocialista e Equo teñen por diante un proceso de madurez orgánico sen o cal calquera das novas ideas que representan carecerán de credibilidade. E todos teñen que repensar a esquerda galega do século XXI no plano cooperativo; na diversidade política; nas novas pautas culturais de entender a relación da persoas coa produción e destas coa natureza; a redefinición do soberanismo, concibido nun marco global que require da formulación de soberanías compartidas; e, fundamentalmente, camiñar na radicalización da democracia como elemento clave da relación coa

cidadanía na que residen as políticas de cambio. Sabéndose parte dun proxecto plural compartido entre eles pero partillado fundamentalmente coa sociedade. Na construción dun movemento político-cívico sustentado nos partidos que o conforman e nas organizacións sociais as que ten que representar, nunha dinámica bidireccional.

E todo isto haino que facer sen perder de vista a evolución da propia esquerda europea e global necesitada de novos paradigmas, de novas linguaxes, de novos conceptos e de alternativas sustentables e aplicables para a maioría da cidadanía do planeta. Tamén debe facerse sen perder, o que é máis importante, que a política se compón dunha serie de tácticas encamiñadas a facer máis feliz a vida da xente, ao servizo dunha estratexia dirixida a situar por riba de todo a beleza.



## 10 apuntes para renovar a esquerda galega<sup>30</sup>

### 1. Realidades complexas fronte a caricaturas

Se queremos ter unha imaxe próxima a realidade para poder intervir nela, necesitamos ter en conta tres eixes dialecticamente imbricados: social (esquerda-dereita); nacional (soberanía-dependencia); democrático (arriba-abaxo). A sobredimensión dalgún deles significaría ter unha caricatura. A esquerda tradicional ao non ter en conta, ou minusvalorar, o nacional non foi quen de construír unha hexemonía liderando a diversos sectores. O nacionalismo ideolóxico ao deixar en segundo plano o eixo social acabou construíndo un proxecto cada vez menos transformador. En ambos os dous casos, ao non ter en conta a realidade democrática invalidan construír unha alternativa para a maioría.

Necesitamos un proxecto político de esquerda, asentado sobre o noso substrato nacional e cun programa de ampla base democrática e de soberanismo cívico.

### 2. Necesitamos unha nova epistemoloxía

Cando hai uns meses se iniciou o proceso de reconstrución da esquerda galega, froito fundamentalmente da ruptura do que

---

<sup>30</sup> Publicado en *Praza Pública*, decembro de 2012 en base a intervención nas Xornadas Renovando a Esquerda.

foi até ese momento o espazo común da esquerda nacionalista pero non só, algúns xa advertimos que ía ser un proceso longo e complexo pois non era alleo á crise global que sufría unha esquerda produtivista, corporativista e etnocentrista ben fose na súa versión comunista ou socialdemócrata.

Un proceso que tiña que ver con problemas metodolóxicos, salientados reiteradamente en diversos foros e debates, pero fundamentalmente epistemolóxicos e, polo tanto, imposible de abordar na súa reconstrución sen anovar os paradigmas e os parámetros nos que se asentou a propia esquerda nas ultimas décadas.

Non podemos buscar na física da política a solución aos problemas que xerou a química da política ou, coma lle gustaba recordar a Manuel Sacristan, «non esperedes resolver estas cuestións sobre a base de maiorías e minorías».

### **3. O éxito de AGE**

Sen dúbida, o resultado electoral de AGE ten que ver cun proceso de reagrupamento plural de forzas, que cada unha pola súa conta sumarían cero, xunto dun forte liderado político e ético, que sen dúbida animou a moitos novos votantes e a electores das forzas da esquerda tradicional xa desencantados a participar nos actos multitudinarios da campaña e a saír dun case seguro abstencionismo.

O resultado de Alternativa Galega de Esquerdas non podería interpretarse correctamente se non entendemos que a cidadanía desbordou os efectivos partidarios e corresponde ás forzas que compoñen AGE dar resposta correcta ás demandas dun electorado que vai ser moi esixente.

AGE ten retos propios coma é a consolidación do seu proxecto político, organizativo e social partindo para isto do recoñecemen-

to da propia pluralidade política interna e da pluralidade social externa que representan os cidadáns e cidadás que a apoian.

Pero o fortalecemento de AGE necesita do reforzamento das partes, enriquecendo no senso renovador as ideas, o desenvolvemento dos seus proxectos políticos e o fortalecemento dos seus elementos organizativos, entendendo isto de xeito cooperativo pois a consolidación de cada unha das partes supón o fortalecemento do conxunto e viceversa.

#### **4. Renovación versus reconstrucción?**

Os resultados electorais de Alternativa Galega de Esquerdas non arranxan os problemas que a esquerda tiña previamente. Non debemos esquecer que algunhas das cuestións fundamentais das novas formas de interpretar a política eran rexeitadas por algúns dos grupos xa existentes que hoxe conforman AGE, as dificultades de EU para asumir o federalismo máis alá do nominal ou que o proceso de construción de Anova fixo abrollar contradicións, aínda sen resolver, entre as novas demandas e os vellos métodos.

Estes resultados poden ter uns efectos secundarios para a esquerda, mesmo non desexados por inesperados, pois axudan a acelerar o seu proceso de reconstrución pero poden dificultar a necesaria renovación ao impoñerse as lecturas máis triunfalistas e, polo mesmo, as máis conservadoras.

Este impulso ao proceso de reconstrución debería facernos ser prudentes á hora de abordar o proceso de renovación. Sería un erro que o éxito electoral de AGE se convertese nun obstáculo no necesario proceso de renovación da esquerda.

Das tres necesidades urxentes —unidade na diversidade, proxecto cultural forte e proxecto renovador—, a xente priorizou as dúas primeiras, confiando en que a terceira se aborde ineludiblemente co paso do tempo.

## 5. Nacional-Renovadora-Transformadora

A esquerda está encarando un proceso de reconstrución no que debería priorizar en tres características: nacional, renovadora, transformadora.

- Nacional como proxecto propio onde convivan as diversas correntes culturais nacionalistas e non nacionalistas.
- Triplemente renovadora nas ideas, nas linguaxes e nas practicas. Se temos un proxecto renovador unicamente nas ideas teremos, no mellor dos casos, un excelente *thin tank*. Se temos un proxecto renovador soamente nas linguaxes teremos o que podería definirse, parafraseando a Manuel M. Barreiro, unha «novísima vella esquerda». Só unha nova praxe ancorada na radicalidade democrática permitirá construír un proxecto renovador.
- Transformadora no sentido superador do statu quo, polo tanto anticapitalista entendida como unha alternativa enfrontada ao sistema socio-económico e non a súa envoltura formal lexitimadora.

## 6. Flexibilidade nas formas e firmeza nos principios

Vivimos nunha sociedade cun alto grao de desvertebración que nos esixe experimentar fórmulas flexibles de cooperación, á vez que ese modelo social xera unhas contradicións culturais que nos obriga a ter unha práctica cultural e ética moi forte.

Flexibilidade na diversidade con fórmulas pouco ríxidas (coalicións) e que sexan amables para dar acollemento as persoas que buscan resposta e espazos amables onde sentirse útil diante da ignominia (o que Joám L. Facal chama «militancia á carta»).

Fortaleza nos principios éticos (radicalidade democrática), políticos (antisistémico) e programáticos (reformismo forte).

## 7. Partido e proxecto

Existe culturalmente na esquerda unha dificultade, case patolóxica, para entender a diferenza entre proxecto e partido. Esta dificultade xerou dúas deformacións que son igualmente insalvables pexas á hora de enfrontar a construción dunha esquerda nacional e plural.

A primeira ten que ver cunha lectura catequista do principio exposto por Vladimir I. Lenin sobre a necesidade de «un partido, un Estado». A este axioma encadenouse unha parte da esquerda (e mesmo tamén da dereita nun país con escasa cultura federativa) sen ter en conta as condicións nas que se formulou o que impediu durante tempo construír proxectos de cambio plurais configurados en rede a través da cooperación entre diversos partidos de ámbito nacional.

A segunda foi o empeño por meter no mesmo partido —fronte, movemento ou estrutura— a diversidade plural existente no proxecto de cambio. A esquerda ten que construírse dun modo colaborativo sabéndose parte dun proxecto plural compartido entre eles pero partillando fundamentalmente coa sociedade a construción dun movemento político-cívico sustentado nos partidos que o conforman e nas organizacións sociais as que ten que representar cunha dinámica bidireccional.

## 8. Partidos con paredes de vidro

Mais se a política non pode seguir guiándose por ideoloxías do século XIX, aínda menos o debe facer por prácticas instaladas no espírito da Guerra Fría. Necesitamos instrumentos propiedade da cidadanía para destruír o concepto de club privado de «militantes».

Necesitamos espazos amigables para que os que queiran participar estean a gusto, entrando e saíndo cando lles pete, pasando

inadvertido o seu apoio ou o seu rexeitamento de tal ou cal decisión. A política do século XXI debe aprender do *modus operandi* das redes sociais.

Necesitamos transparencia, lugares abertos, partidos con paredes de vidro. De igual xeito que nos bos restaurantes a cociña está á vista, os partidos de hoxe deben ter os seus órganos de dirección no medio do debate público.

Os partidos 2.0 son abertos, transparentes e colaborativos. A dirección política confórmana todas as persoas, aproveitando as novas tecnoloxías para facer posible un novo asemblearismo máis participativo que os dos séculos XIX e XX, corrixindo a élite totalitaria das minorías activas.

Pero necesítase atender a súa construción no fondo e non só no aspecto formal. As redes e as TIC son instrumentos, non son un fin en si mesmo e non poden nin deben substituír o contacto físico necesario non só para recuperar hexemonicamente as prazas e as rúas senón tamén para a creación de empatías e complicidades necesarias para calquera proxecto colectivo.

## **9. Cambio global: deconstruír para construír unha nova Europa**

O proxecto de cambio galego non pode perder de vista a evolución da propia esquerda europea e planetaria necesitada de novos paradigmas, de novas linguaxes, de novos conceptos e de alternativas globais, sustentables e aplicables para a maioría da cidadanía global.

Acceptando que se podería construír unha alternativa hexemónica a nivel nacional, atendendo a unha condicións favorables; o que si é de todo imposible é promover un cambio sistémico se non se dá, paralelamente, no espazo económico-social onde está inmersa a economía dun país e as súas relacións financeiras e comerciais.

E por iso que desde unha posición política europeísta chegou a hora de recoñecer que parece imposible reconducir o proceso de construción monopolista que hoxe representa a actual Unión Europea e soamente un cambio de relacións económicas, comerciais, financeiras e fiscais poden xerar unha Europa nova fundamente social, e para iso necesitamos deconstruír a Europa saída do Tratado de Roma para comezar a construír, con outras esquerdas políticas e sociais europeas, un novo proxecto á marxe do dominio dos oligopolios e fóra da órbita do Banco Central Europeo e o euro.

## **10. A felicidade como camiño para a beleza**

E o máis importante que nunca debemos esquecer, a política componse dunha serie de tácticas encamiñadas a facer máis feliz a vida da xente e que están ao servizo dunha estratexia tensionada para situar por riba de todo a beleza.





## Cronoloxía

- 30-1-2010 Celébrase en Compostela a Rolda de Rebeldía.
- 5-6-2010 Acto central do proceso de Refundación da Esquerda no Teatro Principal de Santiago promovido por Esquerda Unida no que participa a FPG.
- 17-10-2010 O mozo Mohamed Bouazizi quéimase provocando un movemento en Tunicia que se pecha coa caída do ditador Ben Ali e iniciando diversas revolucións en países árabes: Exipto, Iemen, Barheim, Libia, Siria... coñecidas xenericamente como a *primavera árabe*.
- 15-5-2011 Nas rúas e nas prazas do Estado mobilízanse milleiros de persoas ao berro de *Non nos representan*. O movemento ocupa as prazas durante semanas no que se deu en chamar o 15-M ou os *indignados*.
- 22-5-2011 Eleccións Municipais cunha forte caída do PSOE e a continuidade do descenso vagaroso pero imparabile do BNG.
- 3-6-2011 Constitúese en Traselas (Teo) a Iniciativa BenComún de carácter transversal que aspira á renovación da esquerda en Galicia.
- 15-10-2011 Mobilización en varias cidades do mundo. En Galicia ten unha forte impacto e coincide coa Convención Electoral do BNG.
- 20-11-2011 Eleccións Xerais coa vitoria por maioría absoluta do PP e o descalabro do PSOE. En Galicia, por segunda vez, a perda do PSdeG non se corresponde cunha

- suba do BNG que tamén diminúa a súa porcentaxe de votos.
- 9-12-2012 Unha trintena de persoas, a maioría da Iniciativa BenComún, asinan un *Decálogo Ecogaleguista* para a construción dun novo instrumento político.
- 29-1-2012 Celébrase en Amio (Compostela) a XIII Asemblea Nacional do BNG que gaña a candidatura de APU e consagra unha división practicamente ao 50%.
- 12-2-2012 A Asemblea aberta de Encontro Irmandiño decide por aclamación saír do BNG.
- 25-2-2012 O Encontro EcoGaleguista decide abrir un proceso que remate na constitución dun partido ecosocialista galego.
- 11-3-2012 A Asemblea de Máis Galiza decide constituírse en partido e saír do BNG.
- 20-4-2012 Acción Galega, Máis Galiza, Encontro Irmandiño e EcoGaleguistas constitúen uns obradoiros de traballo para a construción do chamado Novo Proxecto Común (NPC).
- 16-5-2012 Péchase o acordo Compromiso por Galicia entre Acción Galega, Máis Galiza e EcoGaleguistas para as bases programáticas e políticas dun novo instrumento cooperativo galeguista.
- 26-5-2012 Asemblea constituínte de Espazo Ecosocialista.
- 14-7-2012 O proceso do NPC, impulsado por Encontro Irmandiño, conclúe coa constitución de Anova.
- 19-7-2012 Mobilizacións masivas nas diversas cidades do país auspiciadas pola unidade de acción sindical entre CCOO, UGT e CIG.
- 25-7-2012 División no Día da Patria. Xosé Manuel Beiras lanza un chamamento á unidade ampla da esquerda seguindo a idea expresada pola coordinadora de EU, Yolanda Díaz, de construír unha *Siryza Galega*.

- 1-9-2012 O Consello Nacional de Compromiso por Galicia, co voto en contra de Espazo Ecosocialista, rexeita sumarse á proposta de acordo ampla expresada por Esquerda Unida e Anova. Nos días posteriores, pola presión das bases, celébrase unha consulta onde vence a proposta unitaria pero xa non hai tempo para a incorporación real de Compromiso por Galicia ás negociacións.
- 7-9-2012 No límite do prazo legal, Anova e Esquerda Unida formalizan a coalición electoral Alternativa Galega (despois AGE, Alternativa Galega de Esquerdas) para concorrer as eleccións autonómicas do 21-O. Nos días posteriores Espazo Ecosocialista decide abandonar Compromiso por Galicia e incorpórase a AGE.
- 21-10-2012 As eleccións autonómicas dan unha nova vitoria ao PP. A irrupción de AGE, con nove deputados, compensa, parcialmente, o descalabro do PSdeG e o BNG.



## Índice

<b>Nota do autor</b> .....	5
<b>Limiar. Por unha esquerda artesá e cooperativa</b> .....	7
<b>Artigos (2010-2013)</b> .....	15
E realmente necesario un partido máis ou unha nova estratexia de cambio? .....	17
As tres batallas de Feijóo e a alternativa .....	25
Pasar das palabras aos feitos .....	33
Crise do sistema ou crise de esquerda .....	37
Que é iso de «refundar» a esquerda? .....	41
Novos e vellos camiños da esquerda .....	45
A esquerda moderna e a campá de Gauss .....	51
Problemas reais, solucións erradas .....	55
É posible un ecosocialismo galego .....	61
Democracia real? Por suposto! .....	65
Que está a pensar un millón de persoas? .....	69
Tres apuntes post-electorais necesarios .....	73
O espírito de Krushev .....	77
O que fai falta .....	81
Os abaixo asinantes .....	85
O bipartidismo morreu, viva o bipartidismo! .....	89
Co facil que seria si se deixasen controlar .....	93
Do bipartidismo asimétrico ao monopartidismo imperfecto .....	97

Good bye, Fraga! .....	101
Regreso ao futuro .....	105
O sorriso de Feijóo .....	109
O espírito do 29 de xaneiro .....	111
O grande erro da esquerda .....	115
Non valen excusas .....	119
Un <i>novísimo</i> proxecto común .....	123
Necesitamos máis esquerda renovadora para saír do <i>cul de sac</i> .....	129
As lexítimas diverxencias non poden impedir as necesarias alianzas electorais .....	133
Un sensentido .....	137
Reconstruír e/ou anovar .....	141
10 apuntes para a renovación da esquerda galega .....	145
Cronoloxía .....	153



